



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 6 DE SETEMBRO DE 2007

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Ángel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. María de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.María Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.José Rodríguez Trigo
Dña.María Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Márquez

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dña. Teresa Perez Vieira
Dña.Laura Miguez Pérez
D. Manuel A. González Marcote

D. Xosé Enrique Fernández Fernández
Dña Ana María Rodríguez Fernández

NON ASISTIU: D.Luís Carlos de la Peña Arizaga

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.María Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a seis de setembro de dous mil sete, reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos da orde do día.

1.-APROBACION ACTA ANTERIOR.

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros si teñen alegacións que facer á acta da sesión anterior celebrada o día 26 de xullo, e non producíndose ningunha, fica aprobada por unanimidade.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación das devanditas resolucións.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

-DACION DE CONTA DA RENUNCIA O CARGO DE CONCELEIRO NA CORPORACION MUNICIPAL DE BAIONA DE D.CARLOS DE LA PEÑA ARIZAGA.

A Presidencia da conta do escrito presentado polo membro da Corporación, D. Carlos de la Peña Arizaga perante o pleno da Corporación polo cal renuncia o seu cargo de concelleiro do grupo municipal PSOE do Concello de Baiona.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o Pleno toma razón da renuncia ó cargo de concelleiro presentada por D.CARLOS DE LA PEÑA ARIZAGA, e acorda a sua remisión á Xunta Electoral Central ós efectos de expedición da credencial do seguinte candidato da lista do Partido Socialista Obrero Español concurrente ás eleccións municipais do 2007, D.OSCAR HECTOR RODAL REFOJOS, de conformidade co disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral.

SR.ALCALDE.- Dende aquí, como Presidente, quero agradecer o traballo realizado por D.Carlos de la Peña, tamén como Alcalde que foi, e desexarlle boa sorte no seu futuro.

3.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ADAPTACION DAS TARIFAS DO APARCADOIRO SOTERRADO DO ARAL A LEI 44/2006, DO 29 DE DECEMBRO E LEI 40/2002, DO 14 DE NOVIEMBRO.

A Presidencia cede a palabra a Sra. Interventora quen procede a lectura da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDIA

Resultando que en data 9/02/2006 o Pleno do Concello de Baiona aprobou o prego de Cláusulas Administrativas que rexen o concurso de construción e explotación dun aparcadoiro soterrado de vehículos no Aral. Na cláusula corenta e dous do devandito prego establécese como requisitos das tarifas "a) Se podrá establecer un pago mínimo a modo de bajada de bandera por la entrada en el aparcamiento.

b) El período máximo de aplicación de esta bajada de bandera será de 15 minutos. A partir de este período el pago se realizará por fracciones horarias de duración máxima 5 minutos"

O Pleno da corporación en sesión de data 27/04/2006 adxudicou a entidade mercantil SOFRANDA EMPRESA DE CONSTRUÇÃO CIVIL, SA o concurso de construción e explotación do aparcadoiro soterrado no Aral consonte a seguinte tarifa "El precio de alquiler horario es de 0,90 euros/hora o fracción, en 2007, con una primera fracción de 15 minutos por 0,225 euros y resto fracciones de 5 minutos por 0,075 euros."

Resultando que a Ley 44/2006, de 29 de diciembre, de mejora de la protección de los consumidores y usuarios (BOE núm. 312, de data 30/12/2006) modificou o artigo 1 da Ley 40/2002, de 14 de noviembre, reguladora del Contrato de Aparcamiento de Vehículos no seguinte senso "...1.2.b Estacionamiento rotatorio, en el que el titular del aparcamiento se obliga a facilitar una plaza de aparcamiento por un período de tiempo variable, no prefijado.

En esta modalidad de estacionamiento rotatorio el precio se pactará por minuto de estacionamiento, sin posibilidad de redondeos o unidades de tiempo no efectivamente consumidas o utilizadas"

Segundo o disposto na disposición transitoria segunda da Ley 44/2006, de 29 de diciembre, esta nova obligación exisírase os aparcadoiros en réxime de concesión no prazo de oito meses dende a entrada en vigor da lei, é dicir a partires do 1 de setembro de 2007.

Vista a proposta da concesionaria do aparcadorio e o estudio económico elaborado pola intervención municipal propoño ós membros da Comisión Informativa de asuntos de Pleno informar favorablemente, previa elevación ó Pleno da Corporación a seguinte proposta:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

“ADAPTAR A TARIFA DO APARCADOIRO SOTERRADO DO ARAL NOS SEGUINTES IMPORTES:

- **0,02 €/minuto, na primeira hora: dende o minuto un ó sesenta**
- **0,015 €/minutos dende o minuto sesenta e un até o importe máximo do ticket”**

CONTINUA.- Esta proposta surge como consecuencia de la modificación legislativa introducida por la ley 44/2006 en la Ley 40/2002, referente a los aparcamientos subterráneos; así, en esta Ley se dice que se podrá establecer un pago mínimo a modo de bajada de bandera por la entrada en el aparcamiento; el período máximo de aplicación de esta bajada de bandera será de 15 minutos, a partir de este período el pago se realizará por fracciones horarias de duración máxima de 5 minutos, según establecía así el Pliego.

Como consecuencia de esta modificación legislativa se señala que el precio se pactará por minuto de estacionamiento sin posibilidad de redondeos o unidades de tiempo no efectivamente consumidas o utilizadas; como consecuencia la empresa concesionaria SOFRANDA EMPRESA DE CONSTRUÇÃO CIVIL, S.A., solicitó por Registro una modificación del precio del aparcamiento estableciendo un importe de 2 céntimos/minuto para todos los tramos horarios.

De acuerdo con el informe que se adjunta a la presente Propuesta, y con el fin de mantener el equilibrio financiero de la concesión reguladora de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, se mantiene esa solicitud de 0,02 €/minuto en la primera hora, pero a partir de la siguiente hora, es decir, a partir del minuto sesenta y uno, se aplica directamente la oferta que ellos presentaron en el año 2006 cuando se presentaron al concurso, según esa oferta el precio de alquiler horario era de 90 cms/hora ó fracción en 2007, y como consecuencia de las fracciones de 5 minutos salía 7 céntimos y medio; entonces para no perjudicar al concesionario como consecuencia de aplicar redondeos al alza y que están prohibidos expresamente por la Ley 44/2006 se mantiene ese precio de 2 cms/minuto en la primera hora pero a partir del minuto 61 se aplica directamente la tarifa que ello ofertaron que era de cada 5 minutos 7 céntimos y medio, lo que daría como resultado cada minuto 1 ctmo y medio, a partir del minuto 61 hasta el importe máximo que sea de tiquet diario.

SR.RODAL, PP.- Primeramente agradecer pola miña parte a labor desenvolvida polo Sr.de la Peña nestes 4 anos, tanto na oposición e sobre todo no seu mandato como Alcalde durante o ano e medio que estivo como Presidente desta Corporación.

En canto a este primer punto da Orde do Día deste Pleno de setembro vamos falar da adaptación das tarifas do aparcadoiro soterrado do Aral porque anteriormente había unha Lei que era de novembro do 2002 e agora hai unha lei modificadora de decembro do 2006, que se basa e da 6 meses para que tódolos aparcadoiros regulasen estas novas tarifas por minuto, entón dende o Concello se cree que esta é unha medida, como explicou a Interventora, con estas tarifas de 0,02 €/minuto, na primeira hora, e 0,015 €/minutos dende o minuto sesenta e un até o importe máximo do ticket, se mantén o equilibrio financeiro-económico da concesionaria así como as ventaxas para tódolos usuarios do parking.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Esta nova modificación legislativa, co que leva chovido neste verán co tema do parking do Aral, hai que ter mala sorte para que o 1º de setembro se teña que levar a Pleno unha subida de tarifas do parking. O outro día na prensa o Sr.Alcalde de Baiona falaba, o 30 de agosto, de que “Baiona reducirá a tarifa do novo aparcadoiro dos Tendais”, o Alcalde explica que a rebaixa é legal e a proposta está avalada por unha asesoría xurídica, fala da brecha da entrada en vigor da nova Lei e que as concesionarias non deben perxudicarse financeiramente. O outro día no debate dos presupostos vostede falaba e nos acusaba de que non líamos os presupostos, eu creo que vostede non leeu a tabla de costes que fixo o servizo de Intervención, non hai nin unha baixada nas tarifas do novo aparcamento, ningunha; “a rebaixa é legal”, primeiro que non hai rebaixa, segundo que é legal, home, por descontado, as propostas que nos fai a Alcaldía en cada ún dos Plenos entendemos que son legais, por descontado. E a proposta “está avalada por unha asesoría xurídica”, non coñecemos ese aval dunha asesoría, nin memoria, nin informe nin proxecto de nada que avale esta situación; sobre as brechas da lei ás que vostede se refire, eu non sei si vostede se refire a nova lei 44/2006, de decembro, onde esta Lei é unha vella reivindicación das Asociacións de usuarios e consumidores de tódolos cidadáns do Estado Español, onde fundamentalmente tiña 2 obxetivos: ún era as tarifas das fraccións horarias dos parkings, e outra a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

telefonía móbil; é unha lei consensuada, absolutamente consensuada por tódolos grupos parlamentarios do Parlamento Español, incluídos os parlamentarios do PP; si esta lei tivera brechas, eses parlamentarios deberían habélo advertido e eliminálo. Ou igual se refire vostede quizá á Lei de Contratos de Administracións Públicas, que creo que é moi taxativa esta Lei e establece que debe ser necesaria unha ruptura sustancial de equilibrio económico e financeiro da concesión para que unha Administración poida levar a cabo subidas de tarifas ou incluso maiores períodos de concesión; non hai ningún tipo de justificación nesta medida para ter en conta unha subida nas tarifas, que vostedes propoñan a mínima do 3% e a máxima de 33,83%; a empresa concesionaria presenta un escrito onde solicitan, con motivo da entrada en vigor da nova Lei, unha conversión das tarifas ó 0,02 euros/minuto, pero aínda que non teñen obrigación legal de facélo creo que vostede debería solicitarlle algún tipo de informe ou memoria, ou proposta económica, que xustifique que a concesión teña algún tipo de peligro en su equilibrio económico-financieiro como marca a lei, e non o fai, absolutamente non o fai, polo cal únicamente a concesionaria fai un escrito, a Intervención fai un informe de subida xeneralizada das tarifas, e o que é máis curioso é que non se xustifica de ningún xeito porque o IPC como decía o informe de Intervención no último ano, xullo 2006-xullo 2007, subiu un 2,2%, pero curiosamente nos dous meses que leva funcionando o parking do Aral cobrando a tarifa baixou medio punto o IPC; calquera asociación de consumidores, de automobilistas, e incluso a patronal dos parkings, establecen que o período de permanencia media dun vehículo nun estacionamento dunha gran cidade é de hora e media, e canto menor sexa a poboación máis aumenta ese período medio de estacionamento, incluso ata 2 horas e cincuenta minutos, polo cal a xustificación de que na primeira hora é onde máis perxuízo económico se produce á empresa non é certo; medidas parecidas noutras situacións anteriores onde os parkings rebaixaron as súas fraccións supuxo sempre unha maior ocupación nese parking, ou na media dos parkings, do 20%, sempre, absolutamente sempre.

O proxecto de Lei do que estamos a falar publicouse en marzo do 2006 no Boletín Oficial das Cortes Xerais e ademais en tódolos periódicos estatais saíron as novas desta Lei; en abril do 2006 se adxudica esta concesión, a empresa debía ter previsto para o 2007 esta situación.

Non negamos que unha empresa teña que adaptar as súas tarifas e que o Concello o propoña en Pleno, por exemplo, para o ano 2008, en función da apreciación do diñeiro, pero este incremento de tarifas que vai exactamente na primeira hora, de media, do 21,35%, ó 13,05% a partir da segunda hora, non ten xustificación, nin paragón, nin paralelismo con ningunha economía doméstica, absolutamente ningunha. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- O importante é que Baiona dispón nestes intres de 2 aparcadoiros, o que nos sitúa sen ningunha dúbida en ún dos Concellos de España con máis plazas de aparcadoiro soterrado por habitante, o que nos crea unha infraestrutura envidiable; e como veciño de Baiona me gustaría que os veciños se concienciaran da importancia que ten dispór destes 2 parkings e que adquiriran o hábito de meter os seus coches no parking o que nos daría a todos máis calidade de vida, iso é o máis importante deste debate.

En canto o tema das tarifas creemos que se trata de axustárlas á Lei e sobre todo dicir que os grandes beneficiarios son os usuarios xa que esta tarifa por minuto reduce considerablemente os importes a pagar; partimos dunha tarifa de 0,90 céntimos a primeira hora, agora si multiplicamos 2 céntimos por 60 minutos nos da 1,20, pero é que temos a posibilidade de que non se ten que pagar por unha hora senón fraccionado, isto sempre é beneficioso posto que un usuario que se achegue o Centro de Saúde, por exemplo, o lóxico é que esté menos dunha hora, polo cal pagará unha cantidade moito menor a que lle costaría unha hora. O final, este tema, que foi reclamado a nivel de Estado pola Asociación de usuarios e consumidores, si se aplica é para beneficiar o consumidor, neste caso ó usuario, e nós creemos que esta tarifa que presentamos aquí é correcta e se axusta á defensa do consumidor; o que hai que facer agora é todolo posible para potenciar a utilización do aparcamento. Dende a nosa responsabilidade de goberno apoiamos esta proposta.

SR.FERNANDEZ, BNG.-Dende logo cada día entendemos menos, aquí cando é negro se dí blanco e cando é blanco se di que é negro, e proba délo é a intervención do Sr.Vilar; non entendemos a quen defende este goberno local, os intereses de quen defende, e tampouco entendemos a política que poida levar a empresa concesionaria do parking, e decimos que non a entendemos porque si ben é certo que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

este verán non acadou as previsións que tiña estimadas moito menos as van a ter si aínda por enriba encarecen o servizo, é dicir, si eu teño un local no que non entra ninguén porque é caro e subo os prezos o único que pretendo é que os que tiñan pensado vir non veñan e os que están dentro se vaian; polo tanto esta política non a entendemos pero é unha responsabilidade da propia empresa; outra cuestión é a responsabilidade do equipo de goberno, non entendemos como se pode dicir, despois do estudo que nos poñen aquí das tarifas, onde se dí que a tarifa vixente os primeiros 15 minutos é de 0,25 euros, según a empresa quixeran que pasaran a 0,30, e o Concello a propón a 0,30; os 32 primeiros minutos a 0,55, según a tarifa vixente, e según a empresa piden a 0,60 e o Concello a ofrece a 0,60; e podemos chegar así ata a primeira hora; a partir da primeira hora, según a tarifa vixente, poñamos por exemplo 186 minutos, a tarifa actual é de 2,80, a empresa propón 3,70 e vostedes propoñen 3,05; é dicir de 2,80 a 3,05 hai unha subida, e eu non son mestre en matemáticas como é o Sr.Vilar, que debería ter máis facilidade para estas cuestións.

Isto é unha subida, é unha subida aquí, en Vigo, e en Estados Unidos, polo tanto non entendemos a quen defende o equipo de goberno, como tampouco entendemos como se pode promover, como decía agora mesmo o Sr.Vilar, potenciar o uso dos aparcamentos, retirando as plazas gratuitas que hai en superficie; presentamos fai un mes aproximadamente unha Moción, non se truxo a este Pleno, para falar deste tema precisamente, porque é un escándalo que o equipo de goberno reduxera en pleno verán casi 400 plazas de aparcamento, este verán en Baiona foi o máis caótico en fai moitos anos no aspecto de aparcamentos, e en outros moitos máis, pero en aparcamentos foi caótico.

Retiraron vostedes aparcamentos no Aral, Marqués de Quintanar, tamén de fincas particulares onde o Concello tiña convenios cos propietarios e tamén da plaza de Santa Liberata, non había onde aparcar; e o hábito, Sr.Vilar, de meter un coche nun parking, pode pedirselle á xente que ven de visita pero os veciños de Baiona que levamos toda a vida aparcando sen pagar, como vostede, non. O único que van a facer é espantar ós que veñen de fora, e pór de mal humor ós veciños de Baiona. Pode ser que teñamos o pobo con máis aparcamentos soterrados por habitante, pero tamén somos os campeóns en ter os aparcamentos máis vacíos de todo o mundo, e por algo será.

Polo tanto, si vostedes pretenden beneficiar ós usuarios e potenciar a utilización dos aparcamentos, o que teñen que facer é non subir as tarifas. A empresa ben sabía onde se ía a meter, moi ben o sabía, e o que non é de recibo é que a propia empresa esté cos seus propios traballadores facendo as direccións de dobre sentido deste Concello e eliminando as plazas de aparcamento que houbo toda a vida; o único que se está facendo é pór atrancos ós veciños de Baiona para obligarllos a pagar un recibo cada mes por aparcar o coche onde non teñen que aparcálo senón querén.

E sua responsabilidade, eso sí que é certo, darlle lugares para aparcar a tódolos veciños de Baiona; busquen outras fórmulas, pero non a de exprimir os bolsillos dos usuarios, nada máis.

SR.RODAL, PP.- Estamos falando aquí de subidas e como poden apreciar a subida realmente é na primeira hora, si vostedes computan e chegan á décima hora verán que se pasa de 9 euros a 9,30, ou sexa, que pasando da segunda hora soamente hai 30 céntimos de euro, realmente non estamos falando de subidas; e falamos do beneficio do usuario porque con esta nova modificación do 2006 xa non se terá que pagar por eses minutos que non se utilizan.

Como imaxino que haberán visto tódala hemeroteca da prensa, tamén poden comprobar que no novo aparcamento que se vai abrir na Ramallosa cobrarán 2,15, pero tódalas horas: 2,15; e tamén verían no Faro de Vigo do 1 de setembro que tódalas tarifas superan con creces ás do Aral, menos os aparcamentos que obviamente por ser privados poden ter outras connotacións.

Dende o equipo de goberno creemos que realmente non vai a repercutir negativamente nos usuarios senón que é totalmente o contrario, con este método de cobro por minuto que é o máis lóxico.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Non hai xustificación para a subida, para esta proposta, segue sen habéla, é dicir, eu creo que o obxectivo dun parking é disuadir os vehículos para que entren nese parking, non disuadir ós veciños para que non entren no parking, é dicir, este parking non vai ben, non empezou ben, na concesión quedou un único concesionario, saíu mal, se eliminan tódalas plazas en superficie nos Tendais, no Aral, en Santa Liberata, para intentar que os vehículos entren no parking; empapelan Baiona con banderolas, o que fai que parezca que temos que entrar no parking obrigatoriamente, e agora mesmo, despois de 2 meses de funcionamento, subimos as tarifas; eu leo o estudo de costes 20 veces e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

vexo que na primeira hora a media é do 21,35% da subida, é que en tódolo período estudado ata os 600 minutos é do 13,50%, o IPC sube un 2,2%, e baixa medio punto nos últimos meses, polo cal a subida non ten xustificación para nada.

O que tamén nos parece inaceptable é que se esté estudiando, como se predica, un convenio para bonificacións e melloras nas tarifas para os residentes da zona, eu creo que dende abril do 2006 e con todo o plan de viabilidade e de implantación deste parking, ese estudio debe estar perfectamente estudado, elaborado, redactado, e negociado coa empresa concesionaria, para que eses veciños ós que se lles está perxudicando eliminando as suas plazas, poidan ter alomenos algún tipo de bonificación ou desconto, como pasa en calquer outro sitio.

O noso voto é taxantemente en contra, polas razóns que xa expliquei, non se demostra de ningún xeito a falta de equilibrio económico e financeiro na concesión, como marca taxativamente a Lei de Contratos das Administracións Públicas; non hai ningún estudio por parte da empresa no Concello que o demostre, e polo tanto o Concello non ten ningunha necesidade de elevar as tarifas deste parking a día de hoxe. Entendemos que para o ano 2007 a concesionaria xa tiña que ter prevista esta nova modificación legislativa, como coñecíamos tódolos cidadáns; é falso que a primeira hora sexa a de maior utilización dun parking en ningún sitio, eu non sei si haberá un parking en Madrid ou en Barcelona ó lado dunha Delegación de Facenda ou dunha Administración de Xustiza, onde poida ser, pero a media non é esa, a media é de hora e media ou incluso nas poboacións pequenas de 2 horas e 50 minutos; tamén é irrefutable que a ocupación con medidas deste tipo sempre sube un 20% co cal sempre é maior o ingreso da empresa con estas medidas legislativas, e xuridicamente ademáis decir unha cousa: **o risco asumido por un concesionario é cosustancial co contrato de concesión sempre**, absolutamente sempre, cousa que non se ten en conta.

SR.VILAR, CMÑ.- A subida está plenamente xustificada, van a sair sempre beneficiados os usuarios, sobre todo ó ser fraccionado e tendo en conta que antes había que pagar 0,90 euros por hora ou fracción, e agora ó ser fraccionado por minutos sempre vai supór beneficio para o usuario.

En canto ó debate sobre os aparcamentos, teño que decirlle que basta xa de demagogia, Sr.Fernández, si o turismo ou a xente que ven a Baiona, non ten capacidade para coller o coche e metélo nun parking, que non veña, esa xente non nos interesa; segundo, os aparcadoiros en superficie que pode pór un Concello na vía pública, sempre serán para ocupa-los durante un certo tempo, non para ter o coche ahí estacionado permanentemente; e calquer veciño de Baiona, como de calquer cidade, cando merca un vehículo o primeiro que ten que ter é un lugar para aparcálo, senón que non o merque; ademáis imaxinen que todo o mundo que ten un local no baixo da súa casa adicado a aparcadoiro pode decir "pois eu tamén vou a estacionar na rúa, o mesmo dereito que ten aquél tamén o teño eu", iríamos a unha situación caótica.

Isto se fai en tódalas cidades do mundo, o único sitio para ubicar os vehículos é en aparcadoiros soterrados e masivos como o que se fixo en Baiona, polo tanto olvidese vostede de que un Concello teña que habilitar plazas de estacionamento as 24 horas a un veciño para que deixe alí o seu coche, así estaría perxudicando ó resto dos veciños. Os aparcadoiros que poidan porse en superficie, libres, deben ser sempre rotatorios, e si un veciño compra un coche o primeiro que ten que ter é un local para aparcalo, esta é a triste realidade aquí e en calquer parte do mundo, e si a xente que ven a Baiona non ten capacidade para meter o coche no parking non nos interesa, non nos interesa ese tipo de turismo.

Baiona se ten que sentir orgullosa da construción deses aparcadoiros, ademáis a xente que ven aquí dende Bahiña, ou dende calquer outro lado do noso pobo, pois que veña andando, porque moitas veces se abusa do coche e se colle para desplazarse 100, 200 ou 500 metros, cando caminar é bó para todos; esta é unha realidade; o que non se pode é vir a Baiona con coche e intentar aparcarse se pode ser na plaza do Concello.

Estas medidas que son propias dunha cidade son as que temos que implantar os que temos capacidade de goberno e sobre todo de mellorar a calidade de vida, senón dentro de pouco a xente vai aparcarse os coches en rúas que ó mellor nin teñen o ancho suficiente, obstaculizando o tráfico, por esa obsesión de non pagar o estacionamento, e si vostede vai a Vigo seguro que o primeiro que fai é meter o coche nun aparcadoiro soterrado, iso é o primeiro que fai, non o vai a deixar na calle, senón dígallo ós seus correlexionarios do Bloque "oigan, habilitarme plazas", seguro que llo mandan con caixas destempladas, iso é así.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Vostede vai por ese camiño, coa demagogia de que se suspenderon 400 plazas de aparcamento, que non é certo, eses datos son completamente hinchados, repito que é falso; está levando a Baiona a unha falsa demagogia e é lamentable porque vostede empezou moi ben no tema do aparcadoiro, apoiando a construción, polo bó camiño, pero logo descarrilouse, non sei porqué pero descarrilouse, agora está vostede sen rumbo. Nós vamos a seguir nesta liña, vamos a aprobar estas tarifas porque iso é o que nos dí o sentido común.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Quixera contestarlle ó señor Rodal; eu invitarialle a que collera o estudio de cambio tarifas a minutos do parking do Aral, a folia que nos mandaron, onde pón “tarifa vixente, para 10 horas, 9 euros”, “tarifa proposta empresa: 12 euros”, “tarifa proposta polo Concello, redondeo: 9,30 euros”, ou sexa, de 9 a 9,30 sube, non baixa, en tódolos cadros deste estudio, ¿sube ou non sube, Sr.Rodal?, tódalas tarifas que aquí figuran suben, de 0,25 a 0,30, de 0,55 a 0,60, e así ata o final, todas suben, polo tanto non podemos andar a vender que baixan; suben, e suben 2 meses ou 3 despois de abrir o parking; ésta é a realidade.

Vamos agora co meu querido amigo Sr.Vilar; é bó tamén levar os Plenos un pouco distendidos porque senón ata o público se nos vai; eu recordo un Pleno fai varios anos onde unha intervención das escasas que tivera o seu compañeiro Quico (creo que foi nun Pleno) se discutía a necesidade de obrigar ós promotores a manter unha plaza de aparcamento por piso construído, se falaba incluso de que fora por máis ou menos metros, e a reacción lóxica para él naquel momento foi dicir “cómo lle vamos a obrigar ós promotores a facer eso, eso non lles compensa”, claro, o subconsciente traiciona; iso foi así Sr.Vilar, eu o recordo perfectamente porque foi algo que nos chocou moitísimo a todos.

Aquí, os veciños nos poñen para defender os seus intereses, non ós dos promotores nin das empresas concesionarias, chámese RONAUTICA, Clube de lates, etc...chámese como se chame, nós estamos aquí para defender os intereses veciñais, polo tanto o que se está defendendo hoxe aquí son os intereses exclusivos dunha empresa concesionaria, nin máis nin menos.

Por outro lado vostede pon as cousas máis difíciles cada día, Sr.Vilar, agora resulta que xa non se fan contas para ver si se pode pagar o coche ó final de mes senón que se ten que saber onde se pode meter, pois vaia a explicarlle iso os veciños, a ver como o entenden porque bastante teñen con saber como pagar a letra do coche, as reparacións e a gasolina; agora resulta que hai que facer outra conta máis aparte de todo iso, según vostede.

E evidentemente que os aparcamentos de superficie deben ser rotatorios, acórdese vostede que a única vez neste Concello que se fixo un aparcamento rotatorio o fixen eu en Sabarís na plaza de Abastos nunha zona azul, que vostedes criticaban porque íamos a cobrar e resulta que nunca se cobrou un duro e funcionou, e funcionou porque naquela zona que era a única bolsa de aparcamento que había para que os usuarios da plaza de Abastos foran a mercar, estaba ocupada dende a 6 da mañán ata as 3 da tarde polos empregados de Citroen; cando se fixo a zona azul, e a Policía, evidentemente, pasaba por alí a cada momento e comprobaba que os coches non botaban máis do tempo establecido, e empezou a sancionar ós que sí o facían, automaticamente esa bolsa de aparcamento se convertiu en rotativa, e se duplican ou triplican, ou cuatuplican, as bolsas de aparcamento; esa é a maneira de facer aparcamentos rotativos, non retirándoos, senón dese xeito.

E seguramente os empresarios van a discrepar con vostede no que dí de que si un veciño ven coa idea de non pagar un aparcamento que non veña, dígallo vostede ós empresarios, non ós de ACEBA, senón a tódolos empresarios; ao mellor o que hai que facer é que este Concello e a concesionaria traten cos empresarios para establecer convenios de uso do parking do Aral, pero aquí será benvido todo o mundo que veña a facer turismo e que veña a traer cartos, de todo tipo.

Para rematar, dí vostede que hai xente que aparcaría na Plaza do Concello; cando eu estiven como responsable de Seguridade Cidadá, na plaza do Concello non aparcaba ninguén; onte viu o concelleiro aquí e a plaza estaba abarrotada de coches, tódolos días, e seguramente si nos asomamos agora tamén, tódolos días aparcen ahí vehículos de veciños que non son de Baiona e que veñen a facer unha xestión aquí, sobre todo cando veñen á Alcaldía xentes moi vinculadas que aparcen na plaza do Concello, ata chegou ó punto de que a concelleira de Benestar Social lle meteu unha multa a propia Policía por aparcen na plaza, e isto fai 1 ano ou 2, lle meteron unha multa e ben metida por aparcen onde non debía. Nos iso o prohibimos taxativamente e non se aparcou máis, nin a Policía nin ninguén; agora mesmo, tódolos días, pode comprobar vostede, xa fai tempo co goberno do Sr.Benigno, que se aparca na plaza do Concello



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

por sistema, e non soamente aquí, dé vostede unha voltaña polo casco vello e verá cantos coches hai aparcados agora mesmo sendo os seus propietarios coñecedores de que está prohibido, pero como a Policía Local ten a orde de non multar ós veciños que aparcan dentro do casco pois entón non o fan, con nós iso non pasaba; os veciños circulaban perfectamente polo casco sen problema de ningún tipo, agora non poden facélo.

SR.VILAR, CMÑ.- Coincido plenamente co razonamento que fixo Sr.Fernández, en canto a zonas azuis, aparcamento rotatorio, creo que nese senso estamos dacordo completamente, me parece lóxico, perfecto, e nesa liña vamos a continuar.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8 PP, 1 CMÑ), fronte a 7 votos en contra (5 PSOE, 2 BNG).

E por isto que o Pleno por maioría acorda:

ADAPTAR A TARIFA DO APARCADOIRO SOTERRADO DO ARAL NOS SEGUINTE IMPORTES:

- 0,02 €/minuto, na primeira hora: dende o minuto un ó sesenta
- 0,015 €/minutos dende o minuto sesenta e un até o importe máximo do ticket”

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DE CREDITO NUM. 03/07.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra á Sra.Interventora, quen procede á lectura da seguinte:

MEMORIA DE LA ALCALDÍA

La Alcaldía ante la necesidad de realizar inversiones para este ejercicio 2007, es motivo por el cual elevo al Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa, propuesta de aprobación de expediente nº 03/07 de modificación del Presupuesto de 2006 prorrogado para 2007, mediante crédito extraordinario por importe de 175.000 €y suplemento de crédito por 6.000 €

Las CAUSAS que justifican la realización de esta modificación son las siguientes:

- **Dotar de consignación las obras a realizar dentro del Obradoiro de Empleo Erizana, por un importe total de 175.000 €y cuyo detalle es:**

- Instalación de piedra en el entrono de la Iglesia de Santa Liberata a realizar por el modulo de cantería
- Rehabilitación de la “Fonte dos Mortos a realizar por el modulo de cantería
- Acondicionamiento del Jardín Pinzón y ajardinamiento Avenida Monterreal, a realizar por el modulo de jardinería
- Construcción de aulas en el edificio de la plaza de Abastos, a realizar por los módulos de albañilería y electricidad

- **Cubrir los honorarios de dirección de obra, de arquitecto técnico, y de coordinación de Seguridad y Salud de la construcción del Centro de Día para personas mayores, imputables al año 2007 por un importe de 6.000 €**

Como consecuencia se eleva al Pleno la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO:

1º- **“APROBACIÓN del expediente de modificación de crédito nº 03/07 por importe de 181.000 € comprensivo de un crédito extraordinario por importe de 175.000 €y suplemento de crédito por 6.000 €”**



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2º.- SOLICITAR UNA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO POR IMPORTE DE 175.000 € con las siguientes características: plazo: 3 años, más tres meses de carencia de capitales, amortización por trimestres naturales vencidos, tipo: EURIBOR más 0,15 %.

SR.RODAL, PP.- Como vostedes saben fai máis ou menos 10 anos que non había un taller obradoiro de emprego en Baiona, este goberno conseguiu unha subvención da Consellería de Traballo de aproximadamente 1 millón de euros para subvencionar a formación e especialidais que xa nomeou anteriormente a Interventora, como son Cantería, Xardinería, Albañilería, e Electricidades, que eran moi demandadas pola nosa sociedade.

Nestas especialidais figuran 40 persoas do noso Municipio; obviamente dentro desta subvención da Xunta están os honorarios destes traballadores e formadores; pero tódolo que son os materiais para a construción destes proxectos mencionados como son o entorno da pedra da igrexa de Santa Liberata, a pedra da Fonte dos Mortos en Baredo, e tamén as zonas axardinadas da Avenida Monterreal, acondicionamento do Xardín Pinzón, da Casa Carvajal, e tamén os traballos que se están facendo na Plaza de Abastos, todos estes materiais ten que sufragálos o Concello, de ahí o crédito extraordinario que expoñemos neste punto da orde do Día.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- ¿Podería facer 2 comentarios sobre o tema anterior a Manolo Vilar?.

SR.ALCALDE.- Estamos xa noutro punto da Orde do Día

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Ben, entón falarei desta modificación que hoxe nos presentan, 03/07; miren, dende o inicio desta lexislatura nos Plenos soamente os voceiros do grupo de goberno, especialmente o voceiro do grupo do PP, empezan sempre máis ou menos as súas intervencións agradecendo o esforzo, traballo e sacrificio dos servizos de Intervención nalgúns casos, o servizo xurídico noutros casos, e quería aproveitar a oportunidade para facélo tamén e adherirnos a ese agradecemento polo esforzo no traballo, tanto neste Pleno como nos anteriores, como nos futuros; dito isto, si temos as premisas técnicas, xurídicas e económicas feitas, a planificación económica que fai o servizo de Intervención e os informes xurídicos que fai o servizo de Secretaría, ¿qué facemos os 17 concelleiros aquí, que fan os 9 concelleiros do grupo de goberno?, o que se percibe na rúa é que realmente co equipo de funcionarios que ten, funciona solo; e nestes meses que pasaron a única impresión que hai é que o equipo de goberno o que fai é rodas de prensa, fotos, asistencia a eventos, procesións, etc, etc, pero a planificación económica, a planificación xurídica, e a política, non existen. Hoxe, 6 de setembro de 2007, nos presentan unha modificación dun presuposto que xa non está en vigor; en vigor está xa o presuposto do 2007 aprobado o outro día, que creo que entrou xa en vigor fai un par de días, polo tanto xa cando menos é irregular, ou raro. Eu quería saber como lle explican ós veciños e veciñas de Baiona que fai 1 mes aproban un presuposto con 190.000 euros de investimento e un mes despois requiren 180.000 euros cun préstamo, ¿cómo se explica isto?, ¿falta de planificación, precipitación, como se explica isto?, ademais tódolos argumentos que vostedes empregaron para defende-lo presuposto fai 1 mes, hoxe non valen, nin pasivo, nin aforro neto, nin nada polo estilo, porque incorpórase esta modificación o ano 2007, polo tanto todas as súas explicacións de fai 1 mes non valen de nada. Tanto o Sr.Vilar, como o Sr.Rodal, como o Sr.Almuiña, decían que eran uns presupostos moi realistas, fai 1 mes, hoxe son surrealistas absolutamente; Sr.Rodal, quería recordarlle unha frase da acta que acabamos de aprobar fai uns minutos, vostede defendendo os presupostos do ano 2007, "a inversión farase con diñeiro de ingresos correntes e non de préstamo como se facía ata agora; ésta é a política que leva o actual equipo de goberno para reducir ano tras ano a deuda viva do Concello", pois xa non vai.

O noso grupo intenta sempre ser coherente coas súas manifestacións e súas intervencións, e nós no debate dos presupostos que criticamos pola súa falta de planificación, pola súa falta de ambición, pola falta de recorrido, de futuro político, xa que os investimentos eran soamente 109.000 euros, hoxe presentan uns presupostos de 180.000 euros para unha obra, para un programa creo que importantísimo neste intre no Concello de Baiona; nós non vamos a pór en dúbida esa cuestión, esa dotación; por suposto que fai falla, por suposto, e a apoiamos totalmente; o que non podemos compartir é a precipitación, a falta de recorrido político deste equipo de goberno, e todo o que dixemos fai un mes nos presupostos; que hoxe pase 1 mes dun Pleno, e se está cumprindo; nada máis, moitas grazas.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non entendemos tampouco como se pode facer unha modificación, un crédito deste tipo, habendo fai 1 mes aprobado os orzamentos; creemos que é unha falta de control orzamentario, e sen dúbida ningunha, unha falta de previsión.

En todo caso eu quixera decirlle ó Sr.Rodal que no ano e medio que eu estiven gobernando tamén quixemos facer obradoiros como éste pero dende a Xunta, onde estaba o PP, se nos negou; se nos negou taxativamente todo, todo, 0 inversións en Baiona; agora non é así, evidentemente a Xunta ten que gobernar para todo o mundo, aínda que sexa o PP quen esté gobernando; tamén o tería que facer porque non está gobernando para o propio partido senón para os veciños; iso debera ser sempre así e o vai a seguir sendo, e a proba é que onte aínda estivo aquí un conselleiro ofrecendo inversións e controlando as obras que se están realizando en Sabarís.

O que sí quixera dicir tamén é que o que me parece pouco ético, non sei como nomealo, é que operarios deste Obradoiro, 25 persoas, estén traballando en 30 metros lineais, iso non me parece correcto; non sei quen é o responsable directo, responsable técnico, pero dende logo dí moi pouco da súa capacidade de organización; no Paseo Marítimo, día tras día, ten habido en 30 metros, 25 persoas traballando; eu non sei como fan para non lesionarse cos sachos nas suas mans, porque entre sachos e mans non existe nin un só centímetro cuadrado baleiro, de verdade llo digo; nada máis, moitas gracias.

SR.VILAR, CMÑ.- Como non pode ser doutro xeito estamos a favor deste punto, teñen en conta que ésta é unha modificación presupostaria lóxica, xa que se trata de incluír aquí a aportación municipal para que funcione o Obradoiro de emprego; a veces isto é moi difícil de facer antes xa que primeiro hai que solicitálo, teñen que concedermosto, e todo isto é un proceso, polo tanto creo que está xustificada esta operación de crédito sobre todo tendo en conta a inversión que non só vai ser mellorar infraestructuras de tipo municipal senón que á vez tamén se vai a dar a posibilidade de que unha serie de persoas, creo que 42, teñan ahí unha formación cun salario durante un ano; iso a nós nos parece positivo e non entramos a discutilo xa que é unha obra importante para Baiona dispón de ese Obradoiro.

En canto ó que dixo o Sr.Fernández, eu son consciente de que si foran operarios dependentes do Concello non ia haber 25 alumnos, ou 12 ou 13 dun módulo traballando nun espazo así, pero hai que darse conta que en principio se trata dun Centro que exerce tamén labor de ensino e polo tanto iso depende exclusivamente do profesor responsable; todas estas cousas teñen unha razón de ser e él será que se encargue de xustificar eso, máxime agora que aínda están no período practicamente formativo; polo tanto non queremos entrar nesa crítica e dicir simplemente que aprobamos este tema.

SR.ALCALDE.- Explicarei ó Sr.Xose Enrique Fernández que o módulo de xardinería son 12 persoas, igual estaban as suas familias con eles; non é para tanto como vostede dí.

SR.RODAL, PP.- Decirlle ó Sr.Fernández que nos levamos casi 3 anos gobernando e obviamente non conseguimos un taller Obradoiro ata agora, e o meteron todo a última hora, de ahí que houbese que facer agora esta modificación presupostaria; tamén comentarlle ó Sr.Estévez que decía que o presuposto que presentamos fai 2 meses non era realista, que sí porque sobre todo tivemos que pagar facturas que vostedes habían deixado, atrasadas, de 460.000 euros. E con respecto ó que comentaba de que nós estamos falando e falando, quero decirlle que nós, cando foi a campaña electoral, fixemos un libro que decía "feitos, 2 anos e medio", e de ahí gañamos as eleccións, "feitos"; en cambio o que sacaron vostedes en unha semana era "vou, vou, vou facer, vou facer", entón non esté predicando que vostedes ian facer proxectos e nós non; agora mesmo, nesta nova lexislatura, que vostede antes non estaba, levamos traballando 4 meses escasos, pero vostede sabe que todos estes proxectos como son a Casa Carvajal, como son estes talleres Obradoiro, van facer unha función moi importante no pobo e ese resultado se verá dentro de 6 ou 9 meses.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Hoxe son vostedes goberno e nós oposición; non falamos de campañas electorais nin de libros; falamos dunha modificación presupostaria, así de claro, nada máis que de iso; coñecían esta situación anteriormente á deliberación dos presupostos, taxantemente. Eu quería saber politicamente, tecnicamente non porque sei que é correcto, como xa dixemos antes, é que nos documentos do presuposto, figura: partida 321, Escola obradoiro Erizana, ano 2006, presuposto comparativo por grupos de función, 0 euros; ano 2007, 9.500 euros; en canto ós Investimentos afectados, a financiación propia para o Obradoiro de emprego Erizana, partida 321, 30.000 euros, que é do que fala a Interventora no seu informe,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

¿políticamente mo poden explicar?, técnicamente xa sei de onde ven este diñeiro, ¿e politicamente onde está a planificación de isto?.

Comparto con vostede Sr.Rodal, e agradezco tamén a capacidade de traballo e o esforzo, e llo repetimos o noso absoluto apoio á dotación de investimento deste proxecto, como xa dixen antes, non compartimos esta forma de actuar, esta forma de facer política. Isto en vez de parecer un Concello con 11.000 habitantes e 7 millóns de euros de presuposto parece unha Comunidade de propietarios que ten unha avería e ten que facer unha obra extraordinaria, exactamente igual, é unha falta de seriedade tremenda. Eu creo que debía acabar o debate pero sinxelamente, decindo “se nos ha colado, necesitamos la pasta y vamos a hacer un préstamo”, así de claro; o noso voto é de abstención.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Vamos a deixálo, moito me temo que haberá que facer outra modificación de crédito nun Pleno seguinte.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 7 abstencións (5,PSOE, 2,BNG); polo cal resulta aprobado.

E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:

1º- APROBA-lo expediente de modificación de crédito nº 03/07 por importe de 181.000 € comprensivo dun crédito extraordinario por importe de 175.000 € e suplemento de crédito por 6.000 €'

2º- SOLICITAR UNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO POR IMPORTE DE 175.000 € coas seguintes características: plazo: 3 anos, máis tres meses de carencia de capitais, amortización por trimestres naturais vencidos, tipo: EURIBOR máis 0,15 %.

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA O FOGAR E TELEASISTENCIA DO CONCELLO DE BAIONA.

O Sr.Alcalde comenta que procedería, si o Pleno o considera, facer a discusión do presente punto máis do seguinte de “Aprobación da Ordenanza do prezo público” conxuntamente, e non acadar resposta positiva, cede a palabra á Sra.Angeles Silva, PP, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDIA

Resultando que o Concello de Baiona a través da Concellería de Servizos Sociais en base as competencias do artigo 25.1 en relación con 25.2.g) da Lei 7/85 das bases de réxime local ven prestando o servizo de axuda entendido éste como conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia co fin de atender as necesidades da vida diaria consonte o disposto na Ley 39/2006, de 14 de diciembre de, promoción de la autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia, y Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria e orden 22 de xullo de 1996 pola que se regula o servizo de axuda no fogar da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Considerando que a Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúe ós municipios a potestade regulamentaria sendo competente para aprobación dos regulamentos e ordenanzas o Pleno da corporación, propoño ós membros da Comisión Informativa de Asuntos de Pleno informar favorablemente, o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento de Axuda no Fogar .



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Segundo.- Proceder a exposición ó publico do Regulamento por un prazo de trinta días a través da inserción do anuncio no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

CONTINUA A SRA.SILVA, PP.- En primer lugar se presenta esta Ordenanza ó Pleno pola necesidade da Lei de Dependencia, que así o exige; segundo, os demais Concellos da Comarca, teñen aprobada esta ordenanza reguladora; e terceiro, pola necesidade de regular estes servizos para optimizar os recursos das persoas, dos usuarios, con menos recursos, e que os que teñen máis recursos dispoñan tamén do servizo co cofinanciación, como así o dí tamén a Lei.

SR.LORES, PSOE.- En primer lugar, de parte do grupo socialista e de parte do noso compañeiro Carlos de la Peña, agradecer as palabras do Alcalde e do grupo popular polo recoñecemento do seu traballo. Sobre este regulamento que hoxe presentan, decirlle á señora Concelleira e ó grupo de goberno que nós temos e vamos a seguir mantendo un respecto absoluto por tódalas políticas sociais, polo tanto, o que son as concrecións de políticas sociais a nivel local vamos a mantélas un pouco fora do debate político. Dito esto, non vamos a facer moita crítica, simplemente unha valoración e argumentación da intención de voto. Entendíamos, cando vimos a proposta, que éste ia ser un Regulamento máis ambicioso; e tamén entendemos que esto estaba sen regular, e que hai que regulálo, pero unha vez que xa está iniciada e en proceso de implantación a Lei de Dependencia creemos que este regulamento queda un pouco coxo, un pouco escaso. Pensamos que antes de facer un Regulamento deste tipo (que despois tamén falaremos no seguinte punto) debía haber un diagnóstico de cales son as necesidais reais dos veciños de Baiona, en canto a cales son as políticas que marcan máis a Lei de Dependencia, a transversalidade das políticas, e non limitarnos simplemente a dar por feito o que se está facendo que é simplemente un informe da traballadora social, unha proposta da Concelleira de Asuntos Sociais, e un Decreto da Alcaldía concedendo esa axuda; quedámonos en simples trámites administrativos, isto é o que fai este Regulamento: relatar tódolos procedementos administrativos, e realmente non se está facendo un diseño de política social; polo tanto nós, con absoluto respecto ó traballo do departamento técnico da Concellería e da concelleira, ímonos abster neste punto.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- En principio queremos felicitar á Asistencia Social e á Concelleira por este regulamento, estamos totalmente dacordo e vamos a votar a favor.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor deste tema como non pode ser doutro xeito, compartimos totalmente a proposta.

SRA.SILVA, PP.- Dar as gracias ó grupo BNG polo apoio; comentarlle ó Sr.Lores si podería especificarme un pouco a que se refire en canto a que non hemos concretado; primeiro, aclararlle que este non é un proxecto que naceu da traballadora social do Concello de Baiona, ésta é unha ordenanza que se levou tras varias reunións de moitas traballadoras sociais de diferentes Concellos e se chegou a este acordo, a esta Ordenanza, tal e como a traemos aquí salvo algunha diferenza puntual porque lóxicamente queríamos adaptála ó Concello de Baiona, pero casi na súa totalidade, e así se aprobou en moitos Concellos, Nigrán, Gondomar, e tamén en Concello gobernados polo seu partido, o BNG.

E certo que tódalas Ordenanzas poden ser mellorables, ou non, según camiñen e según se vexa a necesidade délas unha vez que entran en funcionamento, pero o que queremos dicir é que non naceu só do Concello de Baiona, isto foi un consenso de moitas traballadoras sociais, e por isto gustaríame que concretara que é o que nos estamos deixando fora e así ó mellor podería axudar para un futuro.

SR.LORES, PSOE.- As políticas sociais creo que son de debate político e os grupos teñen distintas opcións á hora de diseñálas, eu quero deixar á marxen deste debate o que é a concreción, este Regulamento, non Ordenanza, Regulamento. Entendemos que este tema hai que regulálo, e dixeran que non quería entrar neste debate, simplemente vou a nomealo, nada máis; entendemos que antes deste Regulamento o Concello de Baiona necesita dunha definición de políticas sociais, non vou agora a criticar senón dicir simplemente que isto sería posterior a esa definición de servizos sociais, polo tanto tería que haber un diagnóstico das



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

necesidais dos nosos veciños a tódolos niveis, non só a nivel de asistencia no fogar, senón doutro tipo de necesidais de tipo social.

Por tanto entendemos que ésta é unha parte aillada dunha política social e que non está introncada nun proxecto social. Repito que tampouco quero entrar nun debate deste tipo nin criticar a quen se dá ou deixa de dar, ou como se dá ou se deixa de dar; ata agora estaba dándose dunha forma non digo ilegal nin moito menos, nós tamén participamos deste mesmo procedemento posto que era algo que non estaba regulado entón había un informe social, unha proposta da responsable de Servizos Sociais, e o Alcalde facía un Decreto; estivo funcionando así cando estabamos nós no goberno, e ata agora con vostedes; agora o regulan, a nós parécenos moi ben, pero entendemos que antes de isto debía haber unha definición da política social do Concello e non a temos, polo tanto non vamos a opoñernos a esta regulación pero entendemos que está coxa, polo tanto abstémonos, simplemente.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde o presente punto resultando aprobado 11 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG), producíndose 5 abstencións,PSOE).

E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento de Axuda no Fogar .

Segundo.- Proceder a exposición ó publico do Regulamento por un prazo de trinta días a través da inserción do anuncio no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA O FOGAR E TELEASISTENCIA DO CONCELLO DE BAIONA.

Polo Sr.Alcalde cédese a palabra á Sra.Interventora, quen procede á lectura da seguinte:

PROPUESTA ALCALDIA

Se propone al Pleno la aprobación de la Ordenanza reguladora del precio público por la prestación del servicio de ayuda a domicilio y teleasistencia domiciliaria, con el fin de que los beneficiarios del servicio, actuales y futuros, puedan colaborar en el mantenimiento económico del mismo, en función de su capacidad económica.

De acuerdo con el informe de intervención nº 86/07 y dado, que razones sociales así lo justifican, la cuantía prevista a abonar a los usuarios es inferior al coste del servicio, aportando la diferencia el concello con cargo a sus presupuestos

Por todo lo expuesto, elevo al pleno de la Corporación, para su aprobación, si procede, del siguiente ACUERDO

“Aprobar la Ordenanza reguladora del precio público por la prestación de ayuda a domicilio y teleasistencia domiciliaria, con efectos a partir de la publicación íntegra de su texto en el BOP, previos los trámites correspondientes”

CONTINUA.- Comentar que esta es la primera Ordenanza reguladora de un precio publico, todas las anteriores que se han traído a Pleno son de tasas, y la diferencia esencial estriba en que el precio público debe cubrir, como mínimo, el coste de servicio, por eso se hace constar en la propuesta “que razones sociales así lo justifican, la cuantía prevista a abonar a los usuarios es inferior al coste del servicio, la diferencia es asumida por el Concello” bien con sus fondos propios ó con las subvenciones que recibe de la Consellería con cargo al Plan Concertado.

Comentar también que en lapropuesta del reglamento de prestación de servicio de Ayuda no fogar, como



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ya comenté en la Comisión Informativa, la última hoja deben sustituirla porque la que vale es la que está junto con la Ordenanza del precio público.

Se fija como Anexo una cuantía para mayor información, de cómo resultaría el precio público para este año 2007 en función de los índices del IPREM, que es el que se toma en consideración, ya se trate de un solo usuario, de una unidad de convivencia con 2 personas, ó de más personas; esto en cuanto al servicio de Ayuda a Domicilio.

En cuanto a lo que se refiere al servicio de Teleasistencia domiciliaria, también se parte de cuando sería el servicio gratuito y cuando debería ser asumido por los beneficiarios del mismo.

SRA.SILVA, PP.- Por nuestra parte creemos que la tabla del precio público cumple con creces las necesidades puesto que el artículo 12 de la orden del 22 de julio que regula los servicios de Ayuda en el hogar dice que estarán exentos del pago los usuarios que perciban como mínimo una renta anual inferior al 50% del salario mínimo interprofesional, que serán unos 270 euros aproximadamente, nosotros creemos que, y es gratuito en nuestra tabla, hasta 524,16, empezando a pagar 0,64 euros/hora desde 524,17, entonces creemos que cumple con las necesidades de los usuarios de Baiona.

Reseñar también que las Ordenanzas que se llevan aprobado en Vigo, Nigrán, Gondomar, y otros Concellos, tienen esta tabla empezando a pagar a partir de una cuota inferior. En Vigo, por ejemplo, es gratuito hasta los 360 y a partir de esta cifra empiezan a pagar 0,65, y a partir de los 499, 2,55. Estas son algunas de las diferencias que le comenté al Sr.Lores en el punto anterior de que sí hicimos algunas modificaciones respecto a otras Ordenanzas reguladoras aprobadas en otros Concellos.

SR.LORES, PSOE.- Este punto xa é un pouquiño máis complicado; a señora concelleira dí que estivo comparando as tablas de contribución dos distintos Concellos, a mín gustárame tamén que comparara a asignación municipal a Acción Social; polo tanto estamos falando xa de cousas distintas. Neste punto nós, en principio, vamos a opoñernos a que se establezca un prezo polos servizos de atención no fogar e vamos a explicálo: en principio creo que toda política que sexa de compartir os gastos nós estamos a favor, sempre e cando estén cubertos os mínimos. Aquí, agora, eu teño coñecemento de veciños que solicitaron axuda no fogar neste Concello e por razóns que todos sabemos, que os medios son escasos, unhas veces porque se pode, outras porque non se pode, pero bueno, ahí non vamos a entrar, quedan moitos veciños sen atender por imposibilidade real desta atención; que agora se estipule un prezo, que por suposto non temos nada contra a tabla, nin moito menos, simplemente en contra da oportunidade de facélo, non entendemos moi ben si os que van a pagar van a ter preferencia sobre os que non o fan, porque hai xente que non se está atendendo, dentro deses baremos, que non se está atendendo por imposibilidade, e non diga que non porque non se queira senón porque os recursos son escasos; neste Concello son os que son e non vamos a discutílos.

Senón somos capaces de atender o mínimo, que estemos montando unhas tablas para atender a un sobranse, paréceme absurdo; polo tanto a ese nivel nós entendemos o que decíamos antes: hai que facer un diagnóstico das necesidades, dos servizos a dar, e mentras tanto mantémos como estábamos que aínda que había problemas non estábamos co debate. En canto á teleasistencia iso é distinto porque realmente a teleasistencia non ten a demanda, non está tan saturada como a petición de axuda no fogar, entón ahí ao mellor poderíanse facer unas tasas, repito que no tema da axuda no fogar non somos capaces de cubrir as necesidais mínimas, e creo que isto outro queda un pouquiño a contrapé.

SRA.RODRIGUEZ, BNG. Como ben dixo Rafael cando empezou, no outro punto ben, pero aquí xa hai máis miga. Vamos a empezar polo informe de Intervención, eu non sei pero a mín paréceme que hai un parágrafo da señora Interventora que o meu modo de entender penso que sobra, cando dí: "en consecuencia, la prestación del servicio de ayuda a domicilio y teleasistencia, se trata de un precio público, porque en primer lugar, el servicio que se presta no es de recepción obligatoria por los administrados y segundo porque se puede prestar por el sector privado", claro que sí, é certo, pero eu penso que sobra porque lóxicamente tanto a teleasistencia como a axuda no fogar é para as persoas con menos recursos, que non poden pagar un sector privado para facer estes menesteres.

Está ben, ou sexa, é certo o que a Interventora pón, pero eu penso que ela o debería omitir; o meu entender. Tamén é moi curioso (e volvemos outra vez ó punto 4º da modificación de crédito de 181.000 euros) que aquí, nos Orzamentos do 2007 de Axuda no Fogar, este goberno aprobou fai 1 mes 36.000 euros, cando saben perfectamente (porque tamén o pón o informe) que no ano 2006 ascendeu a 38.500 euros; eu fun a



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

xunto da Interventora e lle dixen "isto me parece un pouco incoherente, que poñais 36.000 euros cando sabedes que pode chegar a 48.000 euros" e me deu a explicación de que nos 3 primeiros meses do ano que foi cando se fixo o estudio pois máis ou menos se fixo un axuste e quedaban 36.000 euros, pero é que cada ano aumenta, e no ano 2006 o gasto foi de 38.500, ou sexa, ¿a qué están esperando?, están esperando polas subvencións, pero é que tampouco saben de canto poden ser. Si é que temos a subvención, por exemplo, do ano pasado, si é que a temos, porque me imaxino que solicitar se solicitará, e por moito máis do que Vicepresidencia deu o ano pasado: 17.128 euros, máis un plus de 5.409, que sumou en total entre o orzamento deste ano, entre o Orzamento de 36.000 euros máis a subvención por 2 partes, daría un montante de 58.537 euros, si lle restamos os 48.000 que pensamos que se vai gastar sobran 10.537 euros, entón a nosa pregunta é ¿qué se fai con estes 10.000 euros?, sumando e restando sobran euros, e sobran ben, ¿entón que se fai con ese sobran?, porque hai outros Concellos como por exemplo ó de Tomiño que ten catering a domicilio, comida a domicilio para as persoas que o necesitan, e me parece que incluso é do goberno anterior isto do catering porque agora mesmo hai unha alcaldesa do BNG pero antes era un Alcalde do PP, e parece ser que funciona ás mil maravillas; tamén por exemplo actividais para a 3ª idade, neste momento abaixo hai un Obradoiro de memoria, perfecto para a 3ª Idade, pero é curioso porque eu collíno pensando nos meus sogros, pero claro, viven en Sabarís, e estes Obradoiros vanse celebrar en Belesar, en Bahiña, e en Baredo, e ¿qué pasa co resto das Parroquias?, ¿non temos posibilidais para facer este tipo de obradoiros?. Non me parece moi correcto cando sumando e restando aínda queda un sobran de 10.537 euros do Orzamento de Axuda no Fogar.

En canto á teleasistencia, hai xente esperando no Concello de Baiona, neste momento hai xente en lista de espera; temos agora 22 persoas con teleasistencia, e os que coñecemos un pouco como funciona este sistema sabemos que é boísimo, a xente que conta con este servizo realmente está atendida ó 100%, é máis: si eles non chaman o pouco tempo chámanlles eles para preguntarlles que tal andan, si están ben, ou si queren falar, ou sexa, que realmente funciona a teleasistencia, pero soamente temos 22 plazas, pero é que é curioso porque en abril ou en maio, que parece ser que isto é subvencionado practicamente por Deputación, Deputación chamaba ó Concello dicindo si non queríamos máis xente, máis teleasistencia, e nós decíamos "pois non, neste momento non hai solicitudes", pero hoxe sí, e están en lista de espera esperando que morra algún, porque claro, é o único xeito que teñen de facerse con algunha desas maquinitas. O curioso, parece ser, e os deputados provinciais o poden decir mellor que nós, que Deputación tiña estas subvencións para os Concellos menores de 20.000 habitantes pero antes das eleccións municipais curiosamente entrou Vigo, cando ten 300.000 habitantes, claro, ¿entón qué pasou?, que lle cortaron o grifo ós Concellos menores como pode ser o noso; eu preguntei canto vale isto que estamos ofertando e a Interventora non o sabe, e a Asistente Social está de vacacións, a traballadora social tamén, e a administrativa, lóxicamente, ó non ser menester dela, non o sabe tampouco, ou sexa, non sabemos canto vale este servizo pero sí sabemos que a finais de ano Deputación mandalle unha nota ó Concello dicindo que temos que pagar 550 euros porque nos excedimos; pero o que é realmente vergonzoso é cobrarlle a cada usuario, como se lle quer cobrar agora, 2,20 euros; eu o falaba coa Interventora ¿550 euros que lle supón ó Concello si temos un superávit de 10.000 euros en asistencia ás casas?.

Realmente nos parece un pouco vergonzoso, porque realmente a Axuda no Fogar é algo que é caro porque cada hora vale 12 euros a cada persoa que vai a traballar a unha casa, pero isto que practicamente o paga Deputación, que nós teñamos que pagar 550 euros, aínda que foran 700 euros, ¿qué lle supón ó Concello?, ¿qué lle vamos a cobrar 2,20 a cada usuario?, me parece vergonzoso; nós, dende logo, votaremos en contra deste punto.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos a favor da proposta.

SRA.SILVA, PP.- Voume dirixir tanto ó BNG como ó PSOE porque creo que a explicación que vou a dar vai ben para os dous. Sobre o tema da subvención de Axuda no Fogar, Sr.Lores, claro que os recursos da Administración Local son limitados, non nos vamos a comparar cos estatais, menos coa Xunta, pero nós fixemos unha solicitude de unha subvención cunha previsión, é unha previsión, e non é verdade que tódolos meses se incrementen de igual maneira as solicitudes para axuda no fogar, uns meses máis, uns meses menos, non sabemos as baixas que se van a producir porque a verdade non temos quen nos diga cando vai fallecer, por desgracia, un usuario; nin cando outro usuario vaise pór nunha situación que precise desa axuda; entón se fixo unha previsión e se solicitaron 48.000 euros; nós supoñemos que a nova Lei de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Igualdade intentarán desenrolá-la, non só vai quedar en papeis, me imaxino que se terán que prestar axudas, que a Lei a desenrolarán economicamente, e así o enviamos, e sí se nos deron 17.000 euros como o pasado ano; este ano non sabemos porque estamos esperando que nos manden a segunda subvención, que xa vostede dixo, Sra.Rodríguez, que “chegará ou non”; entón eu lles pido dende aquí, polo ben dos usuarios dos servizos sociais, que os 2 partidos que están aquí na oposición, vaian á Xunta e lles pidan que realmente esas axudas cheguen, porque, por desgracia, se ten que facer este Regulamento por iso mesmo, porque Servizos Sociais é para os máis necesitados, e o presuposto local é o que é, e o Sr.Lores dí “non sei o que porán para outros Concellos”, o que sí está claro é que aquí dende o ano pasado estamos pondo máis do 70% do coste deste servizo e somos unha Administración Local; ¿qué pasa? que ó entrar en funcionamento este Regulamento pois se lle dará o servizo ó máis necesitado, e probablemente, si hai lista de espera, quen quedará fora será o usuario con máis recursos que é como ten que ser; agora, o que está claro, é que si recibimos máis axudas chegaremos máis e mellor a tódolos usuarios.

No tema de Teleasistencia sí houbo un aumento pero é que non somos adiviños, isto é un programa da Deputación e dende este Concello (e me imaxino que dende os demais tamén) solicitaraselle á Deputación que amplíe a axuda; e eu non son adiviña pero imaxino que farán fincapé en élo e seguro que o resolven antes do que resolverán economicamente a Lei de Dependencia, iso seguro; penso que temos que estar caladiños, uns máis que outros.

Sobre os talleres de memoria, Sra.Rodríguez, quero decirlle que foron ás parroquias que tiñan Centros Culturais posto que se teñen que facer en instalacións idóneas, e si en Sabarís, o día de mañán, o que é a Comunidade de Montes de Sabarís, se digna a facer un Centro Cultural como o fixemos outras Comunidades de Montes, pois nós, dende Servizos Sociais, non teremos inconveniente en falar con ese Centro Cultural de Sabarís e ofertarlle estes talleres e outros máis que esperamos levar a cabo. Moitas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Non se enfade. Eu entendo o esforzo que tódolos Concellos fan por atender os servizos sociais; o entendo e por iso comparto, non é que o noso grupo teña interese, xa o dixemos ó principio, neste tipo de debates, porque entendemos que é nas concrecións dos servizos sociais; pero con absoluto respecto ó equipo de acción social do Concello, e á Concelleira, que isto ven mal enfocado. Non se me ocorre comparar a lei de Dependencia coa axuda de teleasistencias, por suposto que non. A Lei de Dependencia é unha Lei importante que ten unha temporalización de aplicación, agora xa se está aplicando para as persoas que teñen unha maior dependencia, e que nun espazo de tempo de 4 anos vai a estar totalmente instaurada, e onde o terceiro sector vai ser un sector importante, vai ter tanto a Seguridade, como a Educación, como os Servizos Sociais, van a estar universalizados.

Falamos co absoluto respecto e absoluta discreción que ten que ter os Servizos Sociais municipais, ahí nós nin entramos no debate, repito que con absoluta discreción porque estamos falando cando non temos medios económicos, materiais e pessoais, para atender as miserias dos nosos veciños; pretendemos, pola nosa parte, ser respetuosos.

Como dixen antes, senón somos capaces de atender as necesidais máis básicas, senón temos antes un traballo de diagnóstico, non só das necesidais, senón tamén das ofertas que nós podemos dar, entón parécenos precipitado pór custos a un servizo que en principio é deficitario por parte da Administración Local, e ahí nese debate onde nos queríamos meter, e eu xa sei que vostedes fan moitísimos números para atender a todo o mundo e que non o consiguen, e por iso somos respetuosos co seu traballo, pero entendemos que antes de traer ó Pleno este asunto habería que facer outro traballo, e falo con absoluto respecto ó que están facendo, polo tanto, non se enfade. Moitas gracias.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- A Concelleira de Servizos Sociais entrou nun tema que penso que non debía entrar, pero bueno, xa que o fixo agora vamos a por él: vostede acaba de dicir a “animalada”, perdoando a palabra, que se pudo dicir neste Pleno, ou sexa “que a Comunidade de Montes de Sabarís faga un Centro Cultural porque a de Baredo o fixo”, manda huevos, como decía o outro.

SR.ALCALDE.- Garde as formas.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- E unha vergonza que vostede, como Presidenta dunha Comunidade de Montes, poida dicir iso. Para nós, dende a Comunidade de Montes de Sabarís, o importante é o monte, e digo nós porque son a Secretaria, e neste momento temos unha cuadrilla todo o ano facendo limpeza no monte, e



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

neste momento co PRODER, máis cos cartos propios da Comunidade estamos coa posta en valor dos petroglifos, que é para todos, para tódolos veciños de Baiona, sobre todo para nós, para ós de Sabarís, lóxicamente. Non mezcle allos con cebolas, iso é unha vergonza, e tampouco mezcle a Lei de Dependencia con Deputación, non ten nada que ver unha cousa con outra, non ten que ver e sí ten que ver, son as dúas de Servizos Sociais, pero a teleasistencia é unha subvención exclusivamente da Deputación que practicamente subvenciona o 100%, pero ¿sabe vostede canto paga Deputación pola teleasistencia que lle da ó Concello de Baiona?, non o sabe, porque ninguén o sabe, ou sexa, non sabemos canto lle vale á Deputación unha maquineta que ten cada usuario, soamente sabemos que hai 22 máquinas no Concello e non pode haber 23, nin 24, soamente pode haber 22, iso é o que nós criticamos; a Deputación meteu a Vigo no mes de abril ou maio na Teleasistencia e entón o resto dos Concellos de menos de 20.000 habitantes non podemos ter máis máquinas para os usuarios, pero claro, a Deputación ó mellor sigue tendo cartos para subvencionar cruceiros, que me parece ben, pero iso é cando sobra; cando sobra, fánse cruceiros para as persoas maiores, claro que sí, teñen dereito tamén, pero cando sobra; as necesidais básicas son as primeiras que hai que cubrir, non cubrir cruceiros.

SRA.SILVA, PP.- Disculpe, Sra.Rodríguez, si a ofendín co tema da Comunidade de Montes, o que pasa é que todo se pega, e o seu compañeiro sempre saca, cando pode atacar, temas de montes e demais aínda sen saber como é o tema, como coa miña multa, que ó mellor tiña que preguntar quen retirou esa multa porque eu pedín permiso, non fago como vostede que manda a que multen e despois aparca onde lle dá a gana; eu pedín permiso á Policía.

Eu volvo a defender a tabla, penso que está ben estudiada, o diagnóstico é a experiencia de anos na Axuda no Fogar e de ahí saíu polas traballadoras sociais, ou sexa que diagnóstico e experiencia hai; non creo que haxa ningunha dúbida neste senso porque levamos traballando moitos anos neste Concello no tema. Por último, repetirle a petición desta concelleira de que, por favor, falen cos seus na Xunta para que cheguen as axudas e así non teremos problemas e poderemos chegar a tódolos usuarios.

SR.ALCALDE.- Comentar que creo que a sra.Rodríguez deu no clavo, hai un problema serio de financiación dos Concellos, creo que é bó que tódolos partidos estén dacordo en iso e o que nonpodemos é depender das subvencións e de esperar a ver si chegan ou non chegan, porque as contas da sra.Rodríguez eran as contas do gran capitán, aquí non temos seguridade absoluta cando empezamos o ano nin cando estamos no mes de setembro das subvencións que vamos a ter, e desgraciadamente os servizos sociais non se poden parar, temos que decir “vamos a tirar para adiante, ou no”. Depende simplemente de que nos contesten da Xunta de Galicia si nos dan a subvención, iso é o triste dos Concellos, que dependemos das subvencións, e penso que todos debemos loitar por eso. Me parece que hai que tratar de priorizar, desgraciadamente as demandas sociais son cada vez maiores e nós temos que priorizar por un sentido de igualdade, é dicir, senón temos tódolos recursos necesarios polo menos hai que chegar ós máis necesitados, de iso é do que se trata, e aqueles que poidan abonar aínda que sexa unha pequena cantidade que non cubre o servizo, polo menos van a colaborar en que outros, máis número de xente, poida entrar.

Creo que é un tema simplemente de priorización e de tratar de mellorar.

Agora xa en broma, Sra.Rodríguez, a teleasistencia en Baiona xa está arreglada porque falando coa compañeira María Méndez, boa profesional, boa política, e boa facultativo tamén, podemos pedir os aparatos que non lle corresponden ó Concello de Vigo para atender os veciños de Baiona que sí os necesitan; eu estou dacordo con vostede e podemos facer o trámite desa solicitude para que renuncie Vigo e así poidamos nós en Baiona ter asistencia.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 7 (5,PSOE, 2,BNG); polo cal resulta aprobado.

E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:

-APROBA-LA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DE AXUDA A DOMICILIO E TELEASISTENCIA DOMICILIARIA, con efectos a partir da publicación íntegra do



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

seu texto no BOP, previos os trámites correspondentes”

7.-APROBACION, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVA A AREA METROPOLITANA.

SR.ALCALDE.- Esta Proposta se intentou pactar e que tódolos partidos poideran estar dentro déla porque entendemos que é algo que nos afecta a tódolos Concellos da Area Metropolitana que decidimos nun momento integrar, recordar que no Concello de Baiona, fai xa un par de anos, vai cumprirse 3 dentro de plouco, decidimos entrar na futura Area Metropolitana de Vigo e aprobar un borrador de documento co que estabamos dacordo en que poidera ter alteracións ó longo de todo o proceso parlamentario, pero era o que queríamos nese momento. Desgraciadamente isto está parado, non se seguiu o procedemento parlamentario, quedou ahí.

Da lectura á seguinte:

PROPOSTA DO EQUIPO DE GOBERNO

Ante a situación que se está a debater sobre o Área Metropolitana de Vigo, manifestan e insisten en reclamar o acordo de creación dun área metropolitana integrada por 14 concellos, tal e como reflexa o anteproxecto de Lei impulsado polo anterior goberno da Xunta.

En data 20 de marzo do 2006, os alcaldes da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, nunha reunión extraordinaria e urxente celebrada no Concello de Vigo, acordaron reiterar a súa conformidade e apoio ao texto referente ao anteproyecto de lei da Área Metropolitana de Vigo consensuado coa anterior Xunta que integraba aos concellos de Vigo, Nigrán, Baiona, Fornelos do Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior, Cangas e Moaña (os doce concellos que integran a Mancomunidade máis Cangas e Moaña).

Os concelleiros integrantes dos grupos abaixo asinantes do Concello de Baiona lembra que o proxecto de Lei da Área Metropolitana está avalado por estudos sobre mobilidade, transporte, economía, por ponencias dos secretarios e interventores dos Concellos e dictámenes xurídicos, e sitúase nos termos reais de extensión e demografía que demanda a unificación de servizos entre os Concellos mencionados.

Consideramos que a Área Metropolitana ten que nacer co rigor que demanda o proxecto, sen perxuízo de que, nun futuro, poida abrirse á participación de máis concellos.

Volver a debater o anteproxecto cando o actual contou co acordo maioritario e independente dos alcaldes de distinta ideoloxía (PP, BNG e PSOE) dos 14 concellos levaríanos a unha demora de anos na constitución da Área Metropolitana, unha demora que perxudicaría, sobor de todo, aos cidadáns da futura área metropolitana.

Por todo o exposto, solicitamos ao Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo:

Reiterar, tal e como se acordou na reunión dos 14 alcaldes celebrada en Vigo en marzo de 2006, a súa conformidade e apoio ao texto referente ao anteproyecto de Lei de Área Metropolitana de Vigo consensuada polos alcaldes de Vigo, Nigrán, Baiona, Fornelos do Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior, Cangas e Moaña, co anterior goberno da Xunta de Galicia.

CONTINUA.- Son os 12 Concellos que integran a Mancomunidade, máis Cangas e Moaña. Entendemos que a Area Metropolitana pode dotar de mellores servizos a toda a poboación desta gran área, duns 500.000



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

habitantes, e iniciar de forma inmediata, o antes posible, o funcionamento, para tratar que deste xeito integrador se poida mellorar o que é a calidade de vida de tódolos veciños; desgraciadamente parece ser que hai diferentes modelos que non respetan a idea inicial das Corporacións de todos estes Concellos e que poden, creo, sinceramente, que é o seu fundamento final, retrasar a posta en funcionamento dun área importante que ten que ter poder e dende logo financiación.

Estamos abertos, todavía, porque na Comisión Informativa ningún dos grupos da oposición quixo facer ningún matiz nin comentario, si queren, a que poidan incorporar ou facer matizacións ó presentado. Nós tamén queremos incorporar unha solicitude final que é pedir un Pleno urxente da Mancomunidade de Vigo para poder discutir este asunto e non seguir discutíndoo onde non se debe discutir que é nos medios de comunicación.

Por iso nós presentamos esto como algo aberto, como algo que inicie un futuro prometedor para a área, e que quixeramos que fora coa maior unión de tódolos grupos e aprobado, a ser posible, por unanimidade.

SR.LORES, PSOE.- Entendemos que é unha moción estritamente do PP a nivel provincial, que reparte polos Concellos afectados para que se debata nos Plenos, e nós entendemos que non é unha necesidade neste momento que se debata esta Moción nos Plenos.

Hai unha especie de interés do PP en opórse a todo o goberno socialista, creo que si estiveran vostedes nunha Comunidade de veciños e o Presidente é do PSOE ou do BNG falarían con tódolos militantes do PP para que votaran en contra ata dun arranxo dun interruptor de luz.

Este é un debate que surxe no Concello de Vigo entre o Sr.Caballero e a Sra.Porro, eles teñen os seus debates e as suas liortas, pero entrar nós aquí parécenos que non ten ningún sentido. A dinámica do PP foi sempre así e segue sendo, é a súa estratexia, pero nós entendemos que Baiona vai estar no futuro nesta área metropolitana sexa do xeito que sexa, vai a estar, polo que entendemos que isto ten unha discusión supramunicipal e que é noutros estamentos onde se debe debatir.

En canto a que se dí que se aprobou, miren, eu estiven nunha xuntanza fai 3 anos no Concello de Vigo, aínda estaba o Sr.Palmou como conselleiro de Vicepresidencia, onde non se aprobou o borrador, alí aprobouse xustamente dadas as diferencias que había de criterio nos distintos grupos políticos, BNG, PSOE e PP, remitir aquel borrador ó Parlamento para que foxe no Parlamento onde se discutise e que as enmendadas a este proxecto se fixeran no Parlamento; ben, pois si a discusión ten que facerse alí, que se faga, pero non nos Concellos, que ademáis creo que xa bastantes problemas temos en Baiona que arranxar como é do que falabamos antes dos servizos sociais, ou a recollida de lixo, que sí son para nós, como para discutir de isto outro; que se discuta nos estamentos que lle corresponda, e se isto é unha estratexia do PP pois que o PP o leve a cabo, pero o Partido Popular, non pida que o resto dos partidos participemos das estratexias do PP.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nos asombra este tipo de Mocións por parte do PP porque despois de estar durante 16 anos gobernando na Xunta nunca moveron un dedo pola area metropolitana, nunca, e tivo que ser un Alcalde nacionalista quen o impulsara dende Vigo e quen forzara ó propio PP a elaborar un proxecto de Lei. Este proxecto de Lei que elaborou o PP, non foi consensuado, foi alegado en varios puntos polo BNG; non pode decir o PP que sí houbo consenso como o ven decindo nesta moción, senón que fixo un traballo como ben decía anteriormente e o fixo obrigado e presionado polo BNG dende a Alcaldía de Vigo con Lois Castrillo.

O BNG ten claro o modelo territorial para o país, no que incide á área metropolitana, ós Concellos, ás Comarcas, e tamén ás áreas metropolitanas. O BNG ten tamén claro o modelo de área metropolitana que queremos, unha entidade territorial, non un consorcio metropolitano nin áreas funcionais de planificación estratéxica. Creemos que tal como está definido agora mesmo o reparto das competencias políticas nas Provincias, está fora de lugar; as Deputacións teñen que desaparecer, son obsoletas, non funcionan, son un despilfarro de diñeiro; creemos que os criterios que deben definir a un área metropolitana son con relacións urbanas, relacións de interdependencia entre as grandes cidades e os municipios do seu entorno, con vinculacións económicas e sociais que fan precisa a planificación conxunta e coordinación de determinados servizos e obras, rede de relacións xeográficas, socioeconómicas, humanas, etc.

Por todo isto, nós, Sr.Alcalde, queremos presentar a seguinte emenda de substitución que paso a entregar si me permite e que dí o seguinte:



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

D.Xosé Enrique Fernández Fernández, portavoz do BNG no Concello de Baiona, presenta a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCION á Moción presentada polo Partido Popular relativa á área metropolitana de Vigo,

EXPOSICION

En 1999 iniciouse, impulsado polo Alcalde do BNG na cidade de Vigo, Lois Pérez Castrillo, o proceso de constitución da Área Metropolitana de Vigo. Logo de varios anos na procura do consenso entre os diferentes Concellos implicados na iniciativa e con outras institucións, nomeadamente a Xunta de Galiza, sentáronse as bases mínimas para poder iniciar o procedemento legislativo que debería conducir á creación definitiva da área metropolitana.

Non obstante para o BNG a plasmación daquel traballo nun anteproxecto de lei presentado ao Parlamento polo anterior goberno da Xunta en 2005, en vésperas das eleccións autonómicas, era insuficiente, pouco ambicioso e polo tanto, claramente mellorabel. De ahí que o grupo parlamentario do BNG presentara en marzo de 2005 unha serie de emendas ao anteproxecto de lei. Non existe, pois, consenso ao redor do anteproxecto elaborado pola Xunta, senón ao redor da necesidade de crear a área metropolitana e das súas características básicas, froito dun traballo que, evidentemente, non se pode desaproveitar.

As eleccións autonómicas de 2005 definiron unha nova maioría parlamentaria e significaron un cambio político no país, que tivo a súa continuidade nas eleccións municipais de 2007, particularmente no ámbito dos Concellos que participaron desde 1999 nos traballos de creación da área metropolitana.

Logo de 16 anos de goberno da Xunta presidido por Manuel Fraga, nos que, malia o tempo transcurrido, o PP foi incapaz de crear a área metropolitana, o cambio político xurdido das eleccións de 2005 e do 2007 lexitiman á nova maioría a impulsar o procedemento legislativo que o PP foi incapaz de realizar e permítenos ser máis ambiciosos, mellorar a formulación inicial e contextualizala nunha visión de país.

Para o BNG o consenso básico acadado logo de varios anos de traballos pódese sintetizar nas seguintes cuestións:

1. A área metropolitana debe ser unha entidade territorial de ámbito supramunicipal con competencias en materia de planificación e de xestión; coas potestades propias das entidades locais territoriais e con ámbitos competenciais concretos e no seu caso ampliables por transferencia, delegación ou encomenda doutras Administracións; con órganos de representación institucional e de goberno; con recursos e fontes de financiamento e con medios humanos. Polo tanto non teñen cabida neste consenso básico certas pretensións de substituír a creación da área por outras fórmulas denominadas “consorcios metropolitanos” e máis recentemente “áreas funcionais”.

2. A área metropolitana debe encaixar nun proceso de mudanza da organización territorial e institucional do país, convertíndose nunha peza máis dun novo ordenamento territorial sustentado sobre concellos, comarcas e áreas metropolitanas e urbanas. A área metropolitana non debe ser só unha entidade local prestadora de servizos, senón que tamén debe conformar a estrutura, organización e ordenación do territorio e polo tanto a súa creación deber ir acompañada doutras medidas en materia de ordenamento territorial e de financiamento das entidades locais e metropolitanas. Non caben pois formulacións, como a recollida na exposición de motivos do anteproxecto de lei, onde taxativamente se advierte que a creación de área metropolitana “non supón ningún substituto ou obstáculo para outras administracións que agora existen” e aposta porque a área “se integre perfectamente con todas elas (...)” descartando calquera posibilidade de mudar a organización territorial e de cuestionar o futuro de institucións como as deputacións.

3. O ámbito territorial: os 14 Concellos promotores da iniciativa asumiron desde o primeiro intre a posibilidade de ampliar no futuro o ámbito territorial da área metropolitana, polo que o debate



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

sobre o número de Concellos está fora de lugar e é un falso debate. Agora ben: calquera modificación da base territorial non pode ser excusa para retrasar o proceso. Debe agilizarse aproveitando o traballo realizado ata hoxe polos 14 Concellos, pois o proceso está suficientemente maduro e, non obstante, ampliar o ámbito territorial aínda non, o que non é descartable cara ó futuro. Polo tanto, a base territorial da área será modificable no futuro, cando se estime oportuno por iniciativa doutros Concellos, aceptado polos órganos de representación e de goberno da área metropolitana e tramitado como modificación da lei no Parlamento.

En definitiva, fronte ás posicións inmovilistas e conservadoras do PP e outras posicións erráticas, contradictorias e localistas, para o BNG as propostas sobre as áreas metropolitanas non poden formularse como simple ocorrencias, senón que deben partir da concepción de que as áreas son entidades territoriais e que deben ir acompañadas dun proceso que conduza a un novo mapa institucional e territorial galego no que as áreas metropolitanas serían unha peza máis, xunto a concellos e comarcas. Crear illadamente áreas metropolitanas sen complementalas con comarcas no ámbito rural e sen abordar a reformulación do papel das deputacións só conduciría a incrementar os niveis institucionais, duplicando competencias, incrementando gasto público e xerando maior descoordinación e ineficacia. Por iso apostamos por crear a área metropolitana de Vigo aproveitando os traballos xa realizados, ao tempo que defendemos ese novo mapa institucional e territorial galego.

Por todo isto propomos ó Pleno a seguinte proposta de acordo a través desta EMENDA DE SUBSTITUCION

O Pleno acorda dirixirse ao Goberno galego e aos grupos parlamentarios solicitándolles:

- a) Que se axilice a aprobación no ámbito parlamentario do instrumento normativo que permita a constitución da área metropolitana de Vigo, aproveitando para isto os traballos desenvolvimos pola mancomunidade da área intermunicipal de Vigo.
- b) Que dita área sexa concebida como unha entidade territorial de ámbito supramunicipal coas competencias e potestades propias das entidades locais ou transferidas por outras administracións e con recursos e fontes de financiamento suficientes.
- c) Que a regulación das áreas metropolitanas vaia acompañada dun proceso de mudanza na organización territorial e institucional do país, acaida a súa realidade socioeconómica e política que se sustenta nos Concellos, comarcas e áreas metropolitanas.

SR.VILAR, CMÑ.- Esta proposta do equipo de goberno sí creo que é moi oportuna e moi conveniente, eu discrepo do que plantexou o portavoz do BNG de que os Concellos teñen que estar ó márxese deste debate que está ahí, nos medios de comunicación, e que sen dúbida algunha Baiona non pode ser allea a élo; non debemos esquecer que Baiona presidíu a constitución da Area Metropolitana de Vigo en tódolo ese período constituínte e daquela tocouse a mín a honra de ser o primeiro Presidente da Area da Mancomunidade de Vigo, sendo rotativo entre os Alcaldes dos diferentes Concellos, e penso que caíu nunha vía morta cando pasou a ser presidida polo Alcalde de Vigo. Tiña un carácter rotativo, a maioría dos Alcaldes ós que lles tocaba presidir facían tódolo posible para dinamizála, e de feito se había conseguido un edificio para a nova sede, había unha serie de proxectos de dotación de persoal, de materiais, incluso temos un camiión mancomunado entre Baiona e Gondomar, non obstante creo que esta vocación de Baiona para integrar a futura Area Metropolitana de Vigo é clara porque nós estamos dentro do que é o ámbito da cidade de Vigo como área metropolitana, Vigo é unha metrópoli e Baiona e o Val Miñor de feito pertencemos ó partido xudicial de Vigo, e polo tanto é innegable que nós estamos nesa área. Posiblemente existan Concellos dentro dos 14 que nós defendemos aquí que non estén tan integrados como nós e poño o exemplo de Soutomaior, que queda máis no ámbito de Pontevedra, ou Cangas e Moaña que se incorporaron recentemente e que están incluso separados de Vigo pola ría; non obstante nós non vamos a ir contracorrente, pensamos que hai 14 Concellos que no seu día constitúen este proxecto de área metropolitana que foi refrendado polos Plenos e que sen dúbida é o proxecto que nace con máis forza en



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Galicia dentro do que son as áreas metropolitanas, porque non debemos esquecer que moitas veces estas áreas nacen en torno dunha gran cidade e ten que haber vontade dos diferentes Concellos de integrála, e de feito quizás en Galicia a zona pioneira fora a zona entorno a Vigo, quizá pola propia dispersión que ten Vigo; outras cidades como poden ser Pontevedra, Santiago, ou a Coruña, non teñen esa dispersión rural como a ten Vigo, cunhas áreas moi definidas de zonas turísticas no Val Miñor, de zonas industriais en Mos, Porriño, Salvaterra, Salceda, ou zonas que dependen de servicios como é Fornelos de Montes, ou a propia Redondela, que pertencen ó partido xudicial e suministran auga potable a Vigo, o que é unha razón para formar á area metropolitana, e con ese espírito naceu esa área moi vigorosa en Galicia, que o único que fixo foi atoparse con atrancos por parte da Administración autonómica para constituirse en Area.

E digo que puxeron atrancos, e no anterior goberno non se deu resolto, en iso coincido plenamente; como se atopan agora con novos atrancos na nova Administración Autonómica, sobre todo con propostas tan absurdas, baixo o noso punto de vista, como é incluír a Pontevedra na área metropolitana, unha área metropolitana bicéfala con Pontevedra e con Vigo non tería moita razón de ser, para eso están as Provincias nos guste ou non, pero no unha área metropolitana con esas dúas cidades que teñen ámbitos de poboación e vocacións distintas.

Surxe, eu me entero polos medios de comunicación, a proposta do actual Alcalde de Vigo de ampliar esa área metropolitana o que é o Baixo Miño, o que é a zona do Condado, do Paradanta, de toda esa zona, e o meu xuízo e dende a nosa óptica creemos que iso é crear a antiga provincia de Tui, iso é máis que nada unha nova distribución territorial de recuperar esa antiga provincia que sí existíu anteriormente a constitución da provincia de Pontevedra, que pudo ser, por razóns políticas, a provincia de Vigo, pero a historia é a que é.

Polo tanto, dende a nosa óptica de Baiona, creemos que nin a proposta da Xunta de Galicia de incluír a Pontevedra e facer unha área bicéfala metropolitana non tería sentido nin precedente nunha posible distribución territorial de Galicia, nin a segunda, que é a que plantexa o Alcalde de Vigo, de constituir esa área que dalgún xeito, repito, sería a antiga provincia de Tui, son temas realistas.

Nós defendemos a proposta dos 14 Concellos, coas reservas como dixen antes de Cangas e de Moaña, pero bueno, aceptamos ese tema, porque entre outras cousas é o ámbito real, natural, da cidade de Vigo, e dende ahí se poden potenciar as relacións laborais, de traballo, que dúbida cabe que o Val Miñor é unha zona turística e residencial, en cambio temos a Porriño que é unha zona industrial; se potenciarían tamén as comunicacións; creemos que esta é a proposta natural que nós temos que defender.

Nos parece tamén fora de contexto chegar a un debate sobre si teñen que desaparecer as Deputacións; creemos que este é un tema constitucional, da distribución do territorio do Estado, son palabras maiores ir a unha reforma desas características, e non creo que exista nin no Goberno Galego unha vontade clara de facélas desaparecer xa que incluso no propio partido socialista existen posturas contrarias, e senón vamos ás declaracións do propio Presidente da Deputación da Coruña, ou do de Lugo, que agora teñen poder: se trata dunha loita de poder na que nós nunca debemos entrar, máximo cando hai aquí persoas que creo que nos últimos tempos sempre representaron dignamente ao Concello de Baiona na Deputación, case sempre foron 2 deputados os que nos representaron, ún do PP e outro do PSOE, e polo tanto ese peso específico que Baiona ten por razóns históricas na Provincia de Pontevedra non debe perdélo, non nos interesa perdélo; polo tanto, dende a óptica e a estratexia de Baiona, nós defendemos a provincia de Pontevedra e á Deputación, como algo moi importante, porque non olvidemos incluso que a nivel de promoción turística dentro da área metropolitana Vigo pode intentar absorber ese protagonismo que Baiona ten, que temos no contexto galego e no contexto da provincia de Pontevedra. Non vaimos aquí a caer no erro de pedir a desaparición da provincia de Pontevedra.

Creemos que incluso dentro do que é a área metropolitana de Vigo temos que defender o que é a Mancomunidade nosa natural, que é á do Val Miñor, non o debemos esquecer, ás veces se fala moi pouco dela dentro do que é a área metropolitana de Vigo, pero é que non ten que ver nada a problemática mancomunada que poden ter Mos e Porriño, que as veces non se distiguen, con Salvaterra, coa problemática de Baiona, Gondomar e Nigrán, que sí que son 3 Concellos que temos que potenciar na Mancomunidade do Val Miñor, non olvidemos que ós veciños de Baiona a problemática de Cangas e de Moaña nos queda un pouco lonxe, o mesmo que nos pode quedar a zona de Redondela, ou de Soutomaior, ou de Fornelos de Montes.

Polo tanto creemos que hai que defender os 14 Concellos, tamén creemos oportuno que Baiona se pronuncie nese debate, que non estemos calados; temos que defender a Mancomunidade do Val Miñor, que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

teña un recoñecemento institucional, porque é unha Mancomunidade realista, polo número de habitantes que ten cada ún dos Concellos, pola facilidade que pode ter para mancomunar servizos, e sobre todo creo que a liña que tomou agora o Alcalde de Gondomar de defender a potenciación da Mancomunidade vai supór un cambio importante nesta lexislatura; non teño ningún afán en facer política partidista, dende CMN soamente queremos defender primeiro a proposta que se presenta do equipo de goberno porque creemos que é oportuna e que a debían de facer tódolos Concellos do ámbito territorial, sobre todo para sentar as bases; non nos parece realista a proposta da Xunta de facer un área metropolitana bicéfala con Pontevedra e Vigo, tampouco nos parece ben a proposta do Alcalde de Vigo de recuperar a antiga provincia de Tui, e sí nos parece máis realista que se potencie a Mancomunidade do Val Miñor e que Baiona, con este acordo, se faga oír.

Tamén hai unha cousa moi importante: parece ser que dende a óptica do PSOE e dende o BNG se intentan reclamar competencias da Deputación, se intentan reclamar para acabar co poder que pode ter o PP dentro da Provincia, poder lexítimo porque llo dan a maioría dos Concellos, e non lle reclaman competencias á Xunta de Galicia cando todos estamos padecendo o que é dictadura da Xunta e a descoordinación do goberno, miren o que nos está pasando agora coa lámina de mar, ou coas normas estas que sacan a nivel urbanístico da protección a 500 metros, parece ser que de 500 metros ata dentro que hai especulación, que hai pelotazos, cando nós realmente defendemos un Plan General.

Dende a nosa óptica estamos a favor desta proposta, creemos que é necesaria, oportuna, e sobre todo é importante que un Concello histórico como é Baiona se pronuncie, e a mín me gustaría que tódolos portavoces de Baiona foran conscientes do que Baiona representa pola súa importancia histórica na área metropolitana e de que si ben non temos un número de habitantes como para decir que temos un gran peso en canto á poboación, sí temos o peso histórico do que é Baiona, que se escoite Baiona fora das nosas fronteiras, que se respete tanto a nivel provincial como a nivel da área metropolitana, que nos fagamos oír con esta Moción que nos gustaría que fora unánime. Nada máis, moitas gracias.

SR.ALCALDE.- A verdade é que me sorprenden cada día máis os equilibrios que teñen que facer o BNG e o PSOE de "donde digo Diego, decir digo", é o mesmo que en decembro do 2004 cando se votou a favor dun área metropolitana de Vigo de 14 Concellos e tamén dacordo en mandar o borrador que o que decía a coletilla final era que lóxicamente nós aceptaríamos as modificacións parlamentarias, e non era do PP, era do PSOE, e votaban iso; e resulta que agora isto non hai que debatílo aquí, non sei para que o aprobamos nos Plenos, que o debatan para arriba, eu pregunto ¿para arriba, para arriba onde?; hai que quitarse as caretas dunha vez e decir a verdade, e ¿a verdade onde está?, a verdade é que non queren que haia un área metropolitana en Vigo, clarísimamente, non interesa porque A Coruña sigue tendo o poder e non se quere que Vigo o teña, é así; disculpemos o que queiramos disculpar, non 14, 28, o único indiscutible según Abel Caballero é "28 Concellos e eu o Presidente", eso é o único indiscutible, o demáis se pode discutir todo; non é así, non, o que nos interesa é saber que servizos vai ter.

Temos un modelo de 14 Concellos que está claro Sr.Xosé Enrique, viu coa lección leída, o grupo díxolle "mira, na enmenda de substitución podes nomear ó PP e decir que son malísimos, que todo é culpa do PP, pero o PSOE non figura na enmenda"; sí figura, figura cando dí "e outras posicións posicións erráticas, contradictorias e localistas", pero non aparece o partido socialista; mire as posturas do PSOE, Caballero se queda só na súa defensa da área metropolitana de 24 Concello; Salvador Fernández Moreda, PSOE, Presidente da Deputación da Coruña "con el área metropolitana lo que se consigue es hacer otra Diputación, defiende un Consorcio", vale, pero cuidado, lo último de hoxe mesmo: Voz de Galicia, xóves 6 de setembro, "las cúpulas del PSOE y BNG reclaman a Caballero que cambie su modelo de área metropolitana. Los socialistas dicen que contradicen su programa y el BNG solo quiere 14 Concellos", de verdade, ou somos marcianos ou non nos entendemos.

Decía antes Manolo Vilar, que creo que se equivocou soamente nunha cosa na súa intervención, dixo "o modelo da Xunta é Pontevedra e Vigo", non, Touriño ten o modelo, con Mendez Romeu, que por certo é home de Paco Vázquez, curiosidades da vida, ten o modelo "Pontevedra e Vigo", ese é o modelo Touriño e Mendez Romeu, pero é que temos o modelo Caballero que ó final é o modelo "Napoleón, Caballero", pequeno e igual que Napoleón, vai conquistar todo e dí "o único importante é que sexan 28 e que eu sexa o Presidente, o demáis dá igual". A señora Casal, tamén do PSOE, de Pontevedra, non sei que lle chamou ó Sr.Caballero pero dende logo Pontevedra ten que estar; Lores, do Bloque, Pontevedra, ten que estar; entón ¿qué pasa?, é increíble que o BNG entre nesta dinámica, o único que urxe é que A Coruña



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

siga triunfando e que non se faga a área metropolitana. Decía o Sr.Lores que non recordaba que houbera unha reunión dos 14 Concellos, podo asegurarlle que eu estiven nesa reunión; cando chega a noticia de que se paraliza o Sr.Méndez Romeu dí que ese modelo non vale e que non vai ir ó Parlamento, e nos xuntamos os Alcaldes, e estaba o Alcalde de Porriño, do PP de toda a vida, non era Barros, era Raul Frances, o Alcalde de Redondela do PP tamén, leva non sei cantos anos, socialista, o Alcalde de Fornelos de Montes, Serafín, médico, socialista, a señora Maria Jesus, Alcaldesa de Mos, tamén do PSOE, e todos, todos, os 14, dixemos que non estabamos dacordo en que se paralizara, que estabamos dacordo en que ese modelo que estaba avanzado que se discutira no Parlamento coas modificacións que os 3 grupos consideraran oportunos, os 3 grupos estaban representados nestes 14 Concellos, os 3 grupos, e sen embargo se sigue paralizando; e agora hai 8 modelos diferentes.

O BNG o único que quere é acabar coa Deputación sexa como sexa, menos coa da Coruña e Lugo, “a Deputación da Coruña e a de Lugo, non, coidado, non, que ahí temos as dedicacións exclusivas, iso non nos interesa”, a día de hoxe nin na Coruña, nin en Lugo, o BNG presentou unha Moción para pechar a Deputación, a día de hoxe siguen gobernando e cobrando. Por iso dí o Sr.presidente da Deputación da Coruña “oiga, eu non quero un área metropolitana que estou moi ben coa Deputación, son o Presidente”. A discusión non é esa, pero desgraciadamente o BNG, aínda en claras contradicións co PSOE, está facendo auga ó Sr.Paco Vázquez, e está defendendo que na Coruña non haia area metropolitana e para iso o que quere é que non haia en Vigo porque senón sería demasiado poder para a área metropolitana de Vigo; é simplemente iso.

Podemos logo buscar todo, que o PP era malo, que tal, que non sei que e non sei canto; ó final, o que queremos e esta proposta é un resume, e vamos a facer esa enmenda de que queremos pedir desde aquí que se deixe de caralladas o Sr.Abel Caballero e que reúna o Pleno da Mancomunidade, e que se decida ahí o que quede cada ún, e que o digan ahí, cada ún, e que se vote; e non empecemos a facer enmendas e enmendas de que “eu sí a isto, a isto non..”. O PSOE e o BNG teñen unha idea clara que é decir que se discuta esta proposta para arriba, nunha área que non sexa Baiona, Baiona non ten importancia ningunha, e lle din “ti dí que estás dacordo cos 14 pero que o non queres son as Deputacións, e con iso quedamos todos ben, a Moción non a apoiamos porque non interesa e se acabou”, pero ese é o xogo que quer facer o PSOE e o BNG favorecendo a outra área distinta á nosa. Bueno, si cada ún defende os intereses doutra provincia, pois está claro que sobramos. Pero nós entendemos que estamos aquí precisamente para defender Baiona primeiro e despois a área de influencia de Baiona, na cal poderemos mellorar en servicios e absolutamente en todo, e non se pide nada máis nesta Moción, soamente que se considere que temos en principio 14 concellos, cun borrador que se pode modificar, e a petición de que se reúna, se constitúa a Mancomunidade de Vigo inmediatamente porque levamos xa tempo, e que se discuta alí que modelo queremos para a futura área metropolitana de Vigo, e deixémonos de andar de adelante para atrás, ¿porqué o BNG non exige que se reúna a Mancomunidade de Vigo?, ¿porque non quere falar con Abel Caballero nun despacho ou nunha sala de Plenos?, ¿é por iso?, é moi triste; nós vamos a pedilo, que o pida o BNG tamén, e que alí defenda o que queira.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non podemos.

SR.ALCALDE.- Non podeades porque non tedes poder, o BNG que está gobernando na Xunta de Galicia; calquer excusa é boa.

SR.LORES, PSOE.- O discurso do sr.Alcalde é sorprendente; vostede dí que defende os intereses de Baiona, por suposto, iso vai no xuramento; pero despois no argumento fala do Sr.Paco Vázquez, que creo que ultimamente está máis cerca do ceo que nós posto que está de embaixador na Santa Sede, fálame do Alcalde de Vigo, fálame da provincia da Coruña, fálame da cidade de Pontevedra, fala absolutamente de todo menos de Baiona; eu entendo que o Sr.Alcalde defende os intereses de Baiona, como ten que ser, pero iso vai no xuramento; pero no argumento que dá para esta Moción fala de todo menos de Baiona. Fixo unha visión moi persoal sobre o PSOE, pero creo que nesta moción non ven a conta o seu coñecemento da estrutura do PSOE, que supoño que será importante posto que é un partido importante, pero non sei a que ven neste Pleno esos comentarios de “Abel Caballero, emperador”



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ou "Napoleón", e todo isto decindo que é para defender os intereses de Baiona; eu creo que si vostede se preocupara da recollida do lixo, mellor lle iría a Baiona.

O Sr.Vilar fala tamén das dictaduras, creo que non é o momento, e menos da Xunta de Galicia, nin de esta Administración, nin da outra. Falar de dictaduras cando estivo aquí un Conselleiro cunha inversión de 28 millóns de euros parécese un exceso; falar de dictadura cando non só a Administración Autonómica, senón a Provincial, se volcaron co problema que tivemos en Sabarís, parécese un pouco fora de lugar e de tempo; penso que esas cousas non se deben dicir; falar de dictadura pola lámina de auga cando o PP fixo o recheo de RONAUTICA parécese un pouco tamén fora de tempo; as cousas levémoas no seu momento.

Fala o Sr.Alcalde de que tanto o BNG como o PSOE recibimos órdenes de que tiñamos que intervir neste Pleno, eu xúrolle que do PSOE non; o que sí lle digo, e é público, é que o PP recibiu órdenes da Vicepresidencia da Deputación e da portavoz do PP en Vigo de presentar en tódolos Concellos da área metropolitana esta Moción, ou sexa, aquí o único que está cumprindo órdenes, aparte de defender os intereses de Baiona, é o Sr.Alcalde que presentou disciplinadamente esta Moción; o resto defendemos a nosa postura, pero órdenes non; en principio, a dinámica do partido socialista é non aceptar porque sí ningunha moción que nos veña dada, e non recibimos nin unha soa chamada para montar unha moción, e temos liberdade absoluta de facer o que consideremos.

Di que nós estamos en contra dos 14 Concellos; eu non dixen en ningún momento que estivera en contra, nin dos 14, nin 16, nin de 28, eu o único que digo é que na xuntanza onde eu estiven e que despois vostedes fixeron outra, que se acordou mandar esto ó Parlamento, bueno, pois que se discuta no Parlamento, eu non teño ningún problema; agora, trasladar aquí esto porque a estratexia do PP a nivel Vigo, ou a nivel provincial, interesa, bueno, eso é unha estratexia do partido popular, respectable e lexítima, pero non pida que o resto dos partidos fagamos a mesma estratexia para favorecer ó PP porque iso xa parece casi unha cousa desmedida. Nós temos os nosos representantes na mancomunidade de Vigo e cando se discuta eles dirán o que teñan que dicir, e punto. Traer isto aquí, como tertulia, vale, podemos facélo, como tertulia tamén podemos falar da Deputación, pero como estratexia do PP eu creo que deberían leválo ós seus órganos de debate e nada máis.

Baiona vai a estar dignamente representada nesta área metropolitana polo Sr.Alcalde cando lle corresponda, e vai a ter o peso específico que ten que ter, e vaio ter, sexa o modelo que sexa, Baiona terá o seu peso. Na Mancomunidade do Val Miñor, tamén, e nós estamos pola defensa desta mancomunidade, aínda que sabemos que este tipo de estruturas poden debilitar as mancomunidades que alí están integradas; ao mellor chegará o momento en que busquemos unha estratexia común para que a Mancomunidade do Val Miñor teña o seu peso específico nunha área metropolitana de maior envergadura, pero eses son outros temas. Moitas gracias.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non sei si intervir Sr.Alcalde posto que xa na súa intervención o fixo no meu nome, leva decindo todo o día que si o BNG esto, o BNG aquilo, entón xa non sei si intervir; en todo caso decirlle que o goberno local de Baiona creo que na proposta que fai hoxe ó Pleno non fai nin máis nin menos, como decía o compañeiro Lores, que obedecer as órdenes oportunas do seu grupo.

Creo que entrar nestes debates, entrar nun debate político de calquer índole, é enriquecedor, pero en todo caso nós entendemos que o único que se pretende con estas actuacións que se están levando a cabo tanto aquí como fora deste Concello é entorpecer o desenrolo da área metropolitana, entorpecer e bombardear o desenrolo. Non buscan outro obxectivo; e evidentemente parece que os intereses políticos do norte do país están pesando dentro do goberno da Xunta fronte os intereses do sur do país, con pesos políticos máis ou menos fortes. En todo caso, a nosa postura é sacar adiante a área metropolitana, está claro, creemos que o fondo do debate non é si son 14 ou 28, a Comunidade Europea empezou cun número limitado de países e foi medrando, porque no seu momento se considerou que era importante medrar; isto pode ocorrer exactamente igual, ademáis no texto penso que non está incluída a posibilidade de aumentálo, pero nós entendemos que ese non é o debate, o debate é outro moi distinto e pensamos que cos debates que se están levando a cabo tanto aquí como fora de aquí o único que se trata é de bombardear, nin máis nin menos, á área metropolitana.

Polo tanto a nosa postura está clara, me imaxino que haberá que votar a enmenda, esperemos que a acepten, e senón é así a nosa postura está clarísima ó respecto.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Gustoume que o Sr.Fernández por fin acepte o equilibrio de poder entre o norte e o sur do país. E me gustaría que polo menos se coñecera a postura do PSOE, porque está aquí o representante na Mancomunidade de Vigo, no momento que haia esa reunión porque creo que é importante que os baioneses sepan que é o que se vai defender. Si quere contestarme, Sr.Estévez, perfecto, si a postura para defender na Mancomunidade de Vigo vai ser a postura Abel Caballero, a postura Touriño-Méndez Romeu, a postura Rafael Lores, que é levar isto ó Parlamento e debatilo alí, que é a que propoñen os 2, ou a postura Moreda, ¿cál das 4 posturas que ten o PSOE vai a defender o partido socialista de Baiona no Pleno da Mancomunidade cando o teñamos que discutir?.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Primeiro que non é o momento; segundo, ¿vostede cal vai a levar, a de Corina Porro, a de Louzán, a do goberno dos 16 anos na Xunta que non fixeron a area metropolitana?, ¿cál vai a levar?. O que non entendemos é como nunha cousa tan sinxela como un área metropolitana de 14 ou de 28, de 20 ou de 23, Baiona vai estar exactamente igual representada, e perfectamente, cos mesmos dereitos, que é o que lle importa ós veciños e veciñas de Baiona, e non ten sentido nesta área metropolitana por exemplo de 14 que teñamos o Concello de Salvaterra e non teñamos ó Concello das Neves, e como é curioso que para Baiona, exactamente, Tui, A Garda, Tomiño, O Rosal, non formen parte da área metropolitana de Vigo ¿de onde van a formar parte, de Oporto, de Braga, de Camiña, de onde?, ¿qué relación ten exactamente A Garda con Vigo?, a mesma que con Baiona, exactamente a mesma.

Como decía o compañeiro Xosé Enrique, a Comunidade Económica Europea empezou cun número de países e foron cumprindo unhas condicións e requisitos, introducindo outros países, ¿porqué lle vamos a pór requisitos ós Concellos?, o Sr.Rocha en Tui quere participar na area metropolitana de Vigo, é público, ¿entón vostede que tema quere levar nesa xuntanza que temos que facer, a de Corina Porro, a de Louzán, a de Rocha?, ¿porqué me pregunta a mín por Paco Vázquez?, non ten ningún sentido este debate, Baiona ten absolutamente os seus dereitos intactos nesa área metropolitana, moitas gracias.

SR.ALCALDE.- A postura miña nesa xuntanza é clarísima porque é a única que non mudou; vostede é novo concelleiro pero o seu do seu grupo votaron unha cousa e agora dicen outra. A que vou a levar eu representando ó Concello de Baiona é a mesma que o 20 de marzo de 2006 os Alcaldes da Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo nunha reunión extraordinaria e urxente celebrada no Concello de Vigo acordaron; o acordaron a Alcaldesa de Vigo nese momento; o Alcalde de Nigrán; do PP nese intre; o Alcalde de Baiona; o de Fornelos de Montes, do PSOE; o de Gondomar, daquela do PP; Pazos de Borbén, do PP; Mos, do PSOE; O Porriño, do BNG; Redondela, do PSOE; Salceda de Caselas, do PP daquela; de Salvaterra do Miño, do PP; de Soutomaior, PP; Cangas, PP; e Moaña, BNG; esa é a mesma postura que vamos a levar representando a Baiona na próxima reunión, en canto o señor Abel Caballero quera facer e discutir onde ten que discutir a área metropolitana de Vigo, que é no Pleno da Mancomunidade, ahí é onde o vamos facer.

Sometese a votación polo Sr.Alcalde a ENMENDA DE SUBSTITUCION proposta polo BNG, resultando: votos a favor, 2, BNG; fronte a 9 en contra (8,PP, 1,CMÑ), producíndose 5 abstencións, do PSOE, polo cal resulta denegada a proposta de Enmenda presentada polo BNG.

Polo Sr.Alcalde sométese a votación a enmenda do grupo de goberno á Proposta presentada, que concrétese en engadir a seguinte petición: “Solicitar ó Presidente da Mancomunidade de Vigo a convocatoria dun Pleno urxente para tratar o asunto”, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 5,PSOE; abstencións, 2,BNG; resultando aprobado.

O Sr.Alcalde somete a votación a PROPOSTA presentada no presente punto polo equipo de goberno, coa inclusión da enmenda aprobada, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), votos en contra, 7 (5,PSOE; 2,BNG); polo cal resulta aprobado.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

E polo que, o Pleno, por maioría, acorda:

1º.- Reiterar, tal e como se acordou na reunión dos 14 alcaldes celebrada en Vigo en marzo de 2006, a súa conformidade e apoio ao texto referente ao anteproyecto de Lei de Área Metropolitana de Vigo consensuada polos alcaldes de Vigo, Nigrán, Baiona, Fornelos do Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior, Cangas e Moaña, co anterior goberno da Xunta de Galicia.

2º.- Solicitar ó Presidente da Mancomunidade de Vigo a convocatoria dun Pleno urxente para tratar o asunto.

8.-MOCIONS.-

- MOCION DE URXENCIA DO BNG.

SR.FERNANDEZ, BNG:

“As importantes obras que a Consellería de Medio Ambiente está a levar a cabo no río Groba en Sabarís, fixo necesario o desvío do tráfico rodado por un vial feito de xeito provisional que discorre mesmo debaixo da ponte da autoestrada e que posibilita a conexión coa estrada do Monteiro, na parroquia de Borreiros. Este acceso que libra o paso do río con uns tubos de formigón que poden valer de xeito temporal, pero que non servirían definitivamente, polo que ben seguro é que os retirarán. No orzamento do 2004 o anterior goberno municipal tiña asinado unha partida orzamentaria para a construción dunha plataforma de formigón, a modo de ponte para levar a cabo esta conexión.

Por outra banda, na exposición do avance do PXOU recoméndase a creación de novas infraestruturas de conexión interparroquial, e dicir, como a que neste caso nos ocupa.

Por todo o exposto, o BNG ten a ben propor a seguinte MOCION de urxencia para o seu debate e aprobación se procede:

- Dirixirse ás Consellerías correspondentes (Medio Ambiente, COTOP,...) solicitando que, unha vez rematadas as obras, mantéñase ese vial provisional como definitivo, cambiando os tubos do pase do río por unha ponte suficiente para o tránsito rodado. Así mesmo que nos próximos orzamentos municipais se contemple unha partida orzamentaria para a execución do mesmo e se soliciten as subvencións correspondentes.

(Nestes intre, abandoa a sesión o Sr.Marcote, PSOE)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Creemos que esta é unha Moción urxente debido a que dentro dun mes, no próximo Pleno, probablemente xa esté fora de lugar porque seguramente estarán as obras rematadas e xa non habería solución ó respecto. Pedimos o apoio á urxencia.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Creo que é un tema importante que é necesario que sexa estudiado polos servizos técnicos municipais e dende logo que antes do próximo Pleno con eses estudos podemos traélo e discutílo antes de que se proceda ó levantamento, porque como nos decía o Conselleiro, antes da primeira semana de outubro é imposible que se poida rematar esta obra. Entendemos que é un tema moi importante e serio como para debatílo neste momento sen información. Nos comprometemos a facer un estudio por parte dos técnicos municipais e discutílo no próximo Pleno cos informes correspondentes para ver as dificultades que pode ter.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Si ten a ben, Sr.Alcalde, que se aprobe a Urgencia e se deixe encima da Mesa para o próximo Pleno.

SR.ALCALDE.- Estamos decindo que nos parece interesante pero dende logo non metida así, senón con informes previos; antes de nada haberá que ter eses informes dos técnicos municipais. Entendemos que a aprobación da Urgencia sería dicir que estamos dacordo con que se faga, e nós queremos que se estudie, porque pode ocorrer que o planeamento, por exemplo, ou o estreitamento que supón o paso da autopista, non permita técnicamente mantélo definitivamente; é un tema que terán que ver os técnicos; e para votar a Moción, non a urgencia, necesitamos que nos digan si é posible o que estamos votando. Non vamos apoiar a urgencia pero si vamos a estudar o tema para poder discutílo no próximo Pleno.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Este debate xa non tería cabida, Sr.Alcalde, habería que votar a Urgencia ou a non Urgencia.

Sometida a votación polo Sr.Alcalde a Urgencia da moción presentada polo BNG, resulta: votos a favor, 6 (4, PSOE, 2,BNG), votos en contra 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal rexeitase a Urgencia.

9.-ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS DO PSOE (pendentes de contestación do Pleno anterior).

SR.LORES:

1.- Referente á tala de árbores no entorno da finca de Villa Sol, Villa de protección, quixeramos saber si hai autorización e seguimento do que alí se está talando.

SR.ALCALDE.- Si.

2- Queremos saber si hai algún tipo de licenza para construír ou derribar algo nesa finca.

SR.ALCALDE.- Non.

3.- ¿Se concedeu autorización por parte do Concello ó parking do Aral para instalar banderolas en tódalas farolas do Concello?.

SR.ALCALDE.- Non.

ROGOS DO BNG.

SRA.RODRIGUEZ:

1).- Cando un veciño ou veciña solicita casarse no Concello de Baiona e pide que sexa un concelleiro do BNG quen o celebre, ROGAMOSLLE o Sr.Alcalde que as actas estén no noso idioma, en galego; o digo porque na última boda que eu celebrei no mes de agosto as actas estaban en castelán; é a primeira vez



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

que pasa tal cousa; cando collín a documentación estaba en castelán e non poden dicir que mo traduciron.

SR.ALCALDE.- Eu sí casei a bastante xente e lle digo que é normal, sempre están en castelán; é un tema que non é noso, é do Xulgado de Paz, e están traballando nesas temas en castelán. Falaremos co Secretario.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- As actas das ceremonias que eu celebrei, ó mesmo que Xose Enrique, sempre estiveron en galego.

2) ROGAMOSLLE ó Sr.Alcalde que convoque a Comisión de Seguimento de Sabarís regularmente.

3) O presente ROGO ao mellor non pode ser pero trátase de si as actas dos Plenos poderían estar informatizadas nun CD.

SR.ALCALDE.- Como dí a Sra.Secretaria é requisito que as actas oficiais teñen que estar asinadas en tódalas suas follas, é o que lle dá validez. Non pode suceder, como pasou fai uns meses, que haia actas modificadas, incluso coa firma fotocopiada.

4) Outro ROGO: pedín xa fai días, por Rexistro, un informe do Concello de Baiona do Parque Eólico.

ROGO DE CMÑ.

SR.VILAR, CMÑ.-

- Non é habitual facer un ROGO dende o equipo de goberno pero trátase máis ben, por encaixe neste Pleno, de facer dende CMÑ un recoñecemento á labor de Carlos de la Peña como portavoz do PSOE e como ex Alcalde que foi; un recoñecemento institucional a súa labor desempeñada ó longo destes anos, así como por haber levado ó Partido Socialista de Baiona a un teito importante como representantes de concelleiros aquí na política municipal; e independentemente de isto, como portavoz, póñome a súa enteira disposición como Alcalde que foi e como compañeiro de Corporación dentro do que humildemente podo ofrecerlle; dende CMÑ un recoñecemento á labor de Carlos de la Peña xa que nos vimos sorprendidos por esta decisión súa, da que eu nada sabía. Moitas gracias.

PREGUNTAS DO BNG.

SRA.RODRIGUEZ:

1.- ¿Qué alegacións presentou o Concello de Baiona ante a intención da empresa EUROVENTO da instalación dos aerosinaladores nos montes de Belesar.

2.- ¿Cántas plazas de aparcamento se eliminaron nas rúas do Aral, Santa Liberata e Marqués de Quintanar?.

SR.ALCALDE.- Vou asegurarme das respostas.

PREGUNTAS DO PSOE.-

SR.LORES:

- Sobre as banderolas anunciando o parking do Aral, si non teñen autorización por parte do Concello ¿porqué non foron retiradas?.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Esa é outra pregunta diferente.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas e coarenta e cinco minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.